

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*ORDE conxunta do 27 de outubro de 2017 mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.*

Durante o mes de outubro de 2017, unha vaga de incendios forestais ameazou o territorio da nosa comunidade autónoma nunha situación de extrema dificultade derivada da combinación de altas temperaturas, unha seca prolongada, vento e incendiarios, que causou graves danos en diversos bens de titularidade pública e privada.

Co fin de proceder a adoptar medidas oportunas para a reparación dos danos producidos, logo do Informe da Axencia Galega de Emerxencias, do 18 de outubro de 2017, en que se declara como de natureza catastrófica ou calamitosa a vaga de lumes, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

No devandito decreto establécense unha serie de axudas para a reparación dos danos orixinados, e facúltanse na disposición derradeira primeira os distintos titulares das consellerías e das entidades do sector público para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento do decreto, adoptando as medidas necesarias para a súa aplicación, concretando para tal fin as que se consideran competentes, en función da clase de axudas que se determinan ao longo do seu articulado: a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Facenda, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda (Instituto Galego da Vivenda e Solo), a Consellería de Economía, Emprego e Industria (a través do Instituto Galego de Promoción Económica), a Consellería do Medio Rural, a Consellería do Mar, a Axencia Turismo de Galicia e a Secretaría Xeral para o Deporte.

Deste xeito, mediante esta orde procédese a desenvolver o Decreto 102/2017, ben que por razóns de homoxeneidade e simplificación, en lugar de facer unha pluralidade de ordes recóllense nun único texto as bases e a convocatoria da totalidade das axudas previstas



no Decreto 102/2017, facilitando deste xeito o acceso a estas por parte dos posibles destinatarios.

A orde estrutúrase en oito capítulos que se corresponden coas consellerías que teñen atribuída a competencia para a convocatoria e resolución das axudas, así como un capítulo de disposición xerais no cal se determinan as normas de común aplicación a todas elas.

Ademais das medidas que se prevén nesta orde, a Consellería de Medio Ambiente, a Consellería do Medio Rural, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a de Infraestruturas e Vivenda articularán, de xeito simultáneo, actuacións directas encamiñadas a recuperar os bens públicos e privados danados.

Así, Medio Rural destina 7 millóns para accións de consolidación de solos e restauración de zonas queimadas. Traballarase nunha primeira fase nos 32 lumes de máis de 300 hectáreas que houbo ao longo de 2017 e, nunha segunda fase, naqueles lugares onde se considere preciso actuar.

Por outra parte, os incendios afectaron espazos naturais protexidos emblemáticos como o parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés. A presenza no parque de hábitats prioritarios e endémicos, así como de especies catalogadas en perigo de extinción, precisa dunha actuación urxente para evitar a súa degradación definitiva e crear as condicións necesarias para a súa rexeneración ou reintrodución. Para isto, e no marco da mesma finalidade na que derivan as medidas urxentes de axuda reguladas no Decreto 102/2017, así como na presente orde, a Consellería de Medio Ambiente está articulando investimentos directos en actuacións para a fixación e consolidación dos solos afectados, para evitar o seu arrastre e a chegada dos sedimentos aos cursos fluviais, así como a recuperación das zonas con sementeiras selectivas, segundo os hábitats presentes nas zonas, e a limpeza de todas as infraestruturas de drenaxe para evitar a súa colmataxe.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria contará coa colaboración da Fundación Incyde para levar a cabo un programa de recuperación e continuidade dos negocios afectados polos lumes. Cun orzamento de ao redor dun millón de euros, a Fundación porá á disposición dos empresarios un equipo de expertos para a recuperación dos negocios – sobre todo nas zonas rurais afectadas–, e que incluírá un paquete de medidas para devolver a normalidade ás empresas, asegurando o seu funcionamento e preparándoas ante imprevistos que poidan suceder no futuro.



Para a recuperación da súa actividade económica, ofreceranse, por exemplo, obradoiros de márketing con iniciativas que axudan a comunicar a reapertura dos negocios, así como un manual onde serán informadas as empresas sobre os riscos ante os cales poden ser vulnerables e sobre estratexias para garantir a súa recuperación e continuar operando de xeito inmediato tras calquera tipo de interrupción.

Por último, a Consellería de Infraestruturas investirá máis de 700.000 euros en reparacións en diversas estradas da provincia de Pontevedra afectadas polos lumes. Así, acometeranse obras de emerxencia destinadas á substitución, en diversos treitos, de sinalización vertical, balizamento, barreiras de seguridade e valos de cerramento, ademais de á retirada e tratamento de materia vexetal queimado nas marxes, reperfilado de noiros para garantir a súa estabilidade, e de cunetas.

Ademais, coa finalidade de dar unha resposta axeitada aos damnificados, considérase preciso reforzar a atención aos usuarios mediante a posta en marcha dunha liña específica e gratuíta, que estará operativa todos os días da semana, sábados e domingos incluídos, das 8.00 ás 22.00 horas, que ofrecerá unha atención especializada ás persoas damnificadas, asesorándoas tanto nas súas relacións, como consumidores, coas correspondentes compañías aseguradoras, como na preparación da documentación necesaria para presentar as solicitudes das diferentes liñas de axudas.

Á vista do anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no artigo 38.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Facenda, a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda (Instituto Galego da Vivenda e Solo), a Consellería de Economía, Emprego e Industria (Instituto Galego de Promoción Económica), a Consellería do Medio Rural e a Consellería do Mar,

DISPOÑEN:

CAPÍTULO I  
**Disposicións xerais**

Artigo 1. *Obxecto e ámbito territorial*

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de



axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017.

2. O ámbito territorial das axudas será o da Comunidade Autónoma de Galicia e concretamente o correspondente aos termos municipais dos concellos que sufriron os incendios, sen prexuízo das particularidades que se poidan concretar nas bases de cada convocatoria.

#### Artigo 2. *Natureza das axudas*

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, de que poidan ser beneficiarios os afectados.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido ou da contía ou porcentaxe deste que se fixe nas correspondentes convocatorias.

#### Artigo 3. *Réxime xurídico*

As axudas da presente orde regularanse polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

Igualmente será de aplicación o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, cando así proceda.

#### Artigo 4. *Ampliación de crédito*

1. Sen prexuízo da contía máxima total dentro dos créditos dispoñibles segundo o establecido nos capítulos seguintes, existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; neste caso, o órgano concedente procederá a publicala nos mesmos medios que a convocatoria, sen que



tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

2. Igualmente, de existiren remanentes nalgunha das axudas obxecto desta orde, poderanse destinar a incrementar o crédito naquelas outras cuxo crédito se esgotase.

#### Artigo 5. *Órganos competentes*

Os órganos competentes para a tramitación e resolución das axudas obxecto da presente orde serán os que se establecen nos capítulos seguintes para cada unha delas.

#### Artigo 6. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas nos capítulos seguintes, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedan obrigados a:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos no artigo 10 desta orde.
- c) Incumprimento da obriga de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a



entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa, salvo que polas especiais características do gasto subvencionable non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, así como naqueles supostos de actuacións realizadas con anterioridade á entrada en vigor da presente orde.

d) Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos, de acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

8. En calquera caso, en cumprimento do establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de beneficiario destas axudas as persoas ou entidades nas cales concorran as circunstancias previstas nos números 2 e 3.

#### Artigo 7. *Contratación*

1. As persoas e entidades beneficiarias poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións que integran o proxecto subvencionado e que constitúe



o obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a persoa ou entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación das obras, equipamentos ou servizos será realizada polas persoas ou entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, de ser o caso, e serán as contratantes as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

En todo caso, deberá observarse o establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

3. Nos supostos en que proceda a aplicación do previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoa ou entidade beneficiaria deberá acreditar as ofertas recibidas xunto coa documentación xustificativa da subvención e xustificar a elección entre as ofertas presentadas.

A elección deberá realizarse consonte criterios de eficiencia e economía e, con carácter xeral, recaerá na proposta económica máis vantaxosa. De non recaer nesta, deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección do/a adxudicatario/a.

#### Artigo 8. *Modificación das resolucións de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 9. *Incumprimento das obrigas*

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, a persoa ou entidade beneficiaria comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquela, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.



**Artigo 10. *Publicidade das subvencións concedidas***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as consellerías responsables, os órganos superiores e as entidades da Xunta de Galicia concedentes das axudas reguladas nesta orde conxunta publicarán no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiránse á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 11. *Presentación electrónica de documentos***

Para os efectos da presentación por medios electrónicos de documentación e solicitudes, para o caso de que o último día do prazo se produza unha incidencia técnica que imposibilite o funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia e, polo tanto, a imposibilidade de presentar escritos e documentos no marco do procedemento regulado na presente orde, producirase automaticamente unha ampliación do prazo establecido para a súa presentación. Esta ampliación, que alcanzará ata o seguinte día hábil, producirase de maneira automática sempre que o funcionamento da sede electrónica se interrompese durante polo menos catro horas o último día de prazo, así como, en todo caso, cando a incidencia afectase integramente a última hora do dito prazo. Para estes efectos, informarase desta ampliación automática do prazo mediante anuncio publicado na sede electrónica da Xunta de Galicia, no cal se indicará con claridade o procedemento afectado pola ampliación automática, así como o día hábil seguinte en que finaliza o prazo ampliado.

No expediente deberá quedar constancia desta incidencia técnica mediante certificado expedido para o efecto polo servizo competente da Axencia de Modernización de Galicia en que conste tal incidencia, o tempo que permaneceu inactiva a sede electrónica e, na medida do posible, as causas.





**CAPÍTULO II****Axudas específicas destinadas ás entidades locais, a establecementos turísticos e a asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro, para paliar os danos causados polos incendios, no ámbito da competencia da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

*Sección 1ª. Convenios de colaboración coas entidades locais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal*

*Artigo 12. Convenios de colaboración coas entidades locais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal*

Os convenios que se subscriban coas entidades locais, en desenvolvemento do establecido no artigo 12 do Decreto 102/2017, do 19 de outubro, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal, rexeranse polas seguintes regras:

1. O seu obxecto será o outorgamento de axudas específicas a favor dos concellos afectados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017, nos cales a reparación, restauración ou mitigación dos danos e efectos causados como consecuencia da acción catastrófica do lume, así o aconselle, pola súa entidade, á vista da relación valorada indicada no punto 3 deste artigo.

2. Serán subvencionables:

a) Os gastos derivados das actuacións levadas a cabo para a extinción dos incendios e protección da seguridade das persoas e bens como consecuencia dos incendios.

b) Os gastos derivados da reparación ou reposición dos bens de titularidade municipal prexudicados polos incendios, que non sexan obxecto doutras axudas previstas nesta orde conxunta.

3. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza elaborará unha relación valorada dos danos producidos nos concellos a que se fai referencia no punto 1 do presente artigo, no prazo máximo dun mes contado desde a publicación no DOG desta orde, logo da recadación dos datos necesarios a través da Axega e en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).



4. A relación valorada, indicada no punto precedente, servirá de fundamento para a subscripción dos correspondentes convenios que determinarán as axudas a outorgar polas distintas administracións, así como a porcentaxe de cofinanciamento de cada unha delas, de ser o caso.

5. As achegas económicas das axudas específicas desta sección ascenderán ao importe máximo de 1.500.000 euros e faranse efectivas, nos termos e nas contías que se fixen nos correspondentes convenios que para tales efectos se subscriban, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Aplicación orzamentaria 05.23.141A.461 ata un importe máximo de 300.000 euros para a anualidade 2017, e ata un importe máximo de 200.000 para a anualidade 2018.

b) Aplicación orzamentaria 05.23.141A.761 ata un importe máximo de 1.000.000 de euros para a anualidade 2018.

6. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento das axudas correspondentes á anualidade 2018 queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

*Sección 2ª. Axudas da Axencia Turismo de Galicia de concorrencia non competitiva destinadas a concellos de Galicia para a reposición da sinalización afectada polos incendios*

*Artigo 13. Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a concellos de Galicia para a reposición da sinalización turística afectada polos incendios. Código de procedemento administrativo TU100A*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a concellos de Galicia para a reposición da sinalización turística afectada polos incendios, conforme as seguintes bases:

*Base primeira. Obxecto e beneficiarios*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para sufragar os gastos derivados da reposición da sinalización turística danada como consecuencia dos incendios.



2. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia afectados pola vaga de incendios que se produciron en Galicia no mes de outubro de 2017.

Base segunda. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

Base terceira. *Crédito e contía das axudas*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta sección faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código proxecto 2016 00002, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, polo importe de 500.000 euros.

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2018.

Asemade, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 20.000 euros euros ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.



3. No caso de esgotamento do crédito dispoñible, informárase do dito aspecto a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Base cuarta. *Gastos subvencionables*

Para os efectos desta orde, considéranse gastos subvencionables os gastos derivados da reparación ou reposición da sinalización turística afectada polos incendios.

Consideraranse gastos subvencionables todos aqueles realizados desde as datas dos incendios do mes de outubro de 2017.

Base quinta. *Iniciación e prazo de presentación de solicitudes*

1. Os concellos que desexen acollerse aos beneficios desta sección, na modalidade en concorrencia non competitiva presentarán solicitude dirixida á Axencia Turismo de Galicia, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, xunto coa documentación que se relaciona no número 7 desta base.

2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

7. A entidade solicitante deberá xuntar á solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Declaración responsable asinada polo representante da entidade local solicitante, incluída no anexo I desta orde, segundo proceda, en que se faga constar:

a. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b. Que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.



b) Certificación emitida polo/a secretario/a da entidade local solicitante, na cal se faga constar:

a. O acordo do órgano competente da entidade local polo cal se solicita a subvención para as actuacións que se pretenden executar ao abeiro desta orde.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

O acordo estará referido a todas as actuacións que integran o proxecto, polo que se deberán consignar a denominación e o orzamento de cada unha, así como o orzamento total.

b. A remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia. No certificado quedará acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo cal se consignará a data de remisión ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar a data de remisión. O incumprimento deste requisito constituirá causa de inadmisión da solicitude.

c) Memoria xustificativa da necesidade das actuacións de reparación dos danos para as cales solicitan subvención, asinada polo/a representante da entidade local.

d) Nas solicitudes para obras deberase achegar o proxecto ou anteprojecto da/s obra/s que se vaian realizar, co seguinte contido mínimo:

- Memoria explicativa.
- Orzamento detallado.
- Planos a escala suficiente.

Así mesmo, deberá presentarse a certificación emitida polo/a secretario/a da entidade local, referida á plena dispoñibilidade da entidade solicitante sobre os inmobles onde se pretenden realizar as actuacións.

No suposto de obras xa realizadas con anterioridade á entrada en vigor da presente orde, susceptibles de financiamento ao abeiro do establecido nas presentes bases, achegarase a documentación xustificativa necesaria que acredite a súa execución.



8. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada.

Base sexta. *Instrución*

1. O defecto nas solicitudes seralles notificado ás persoas interesadas pola Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles para emendar os erros ou omisións, con indicación de que, de non facelo así, se terán por desistidas da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

4. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que, ao abeiro do establecido na base quinta da presente sección, se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estiver correctamente atendido.

5. As propostas de resolución de concesión poderán realizarse sucesivamente, de forma individual para cada unha das solicitudes presentadas, a medida que se vaia verificando que toda a documentación que exige o base quinta da presente sección é correcta e está completa, ata o esgotamento do crédito consignado na correspondente partida orzamentaria.



6. A persoa titular da Xerencia da Axencia Turismo de Galicia elevará as sucesivas propostas de concesión á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Base sétima. *Resolución, notificación e modificación*

1. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta orde será de cinco meses, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na base terceira.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada a notificación cando transcorren dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

8. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo





dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

9. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá autorizar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, e deberanse cumprir en todo caso os requisitos recollidos no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Base oitava. *Aceptación e renuncia*

1. O representante do concello beneficiario disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

3. Os concellos beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

4. A Axencia Turismo de Galicia poderá comprobar, cando o considere conveniente, o destino das cantidades subvencionadas.

5. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No caso de que se comunique a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección da Axencia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Base novena. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Os beneficiarios das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

Acreditar con anterioridade a ditarse proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas



tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta acreditación poderá realizarse mediante unha declaración responsable do solicitante, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Base décima. *Xustificación e pagamento*

1. Poderase realizar un primeiro pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención.

Os concellos están exentos de prestar garantía dos pagamentos anticipados ao abeiro do artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo IV, xunto coa conta xustificativa, ata o 30 de xuño de 2018.

3. A conta xustificativa estará integrada, de conformidade co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polos seguintes documentos:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria, imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exhibible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O investimento xustificado deberá gardar coherencia co orzamento presentado inicialmente e que serviu de base ao cálculo da subvención.



b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Unha memoria descritiva das accións realizadas para as que foi concedida a axuda, á cal se xuntarán os carteis, folletos, fotografías ou calquera outra documentación que xustifique o cumprimento da actividade subvencionada. Esta documentación deberá incluír necesariamente a publicidade a que se fai referencia na base novena.

g) Anexo II: modelo de declaracións.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 8 do citado Decreto 193/2011, a conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

4. A Axencia Turismo de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 45 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6. O investimento xustificado deberá coincidir co importe do gasto subvencionable da resolución de concesión das subvencións ou coas modificacións autorizadas. Se o investimento xustificado é menor e sempre que se cumpra coa finalidade para a cal se concedeu



a subvención, corresponderá igualmente o pagamento do importe concedido sempre que a contía xustificada sexa igual ou superior a este.

7. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Axencia, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Base décimo primeira. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención. Farano, igualmente, na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, e de conformidade cos artigos 18.3 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo, a solicitude para ser beneficiario/a da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e Sancións, dependente da Consellería de Facenda, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude, así como na Base de datos nacional de subvencións.

Base décimo segunda. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Turismo de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia Turismo de Galicia mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia) Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [xerencia.turismo@xunta.gal](mailto:xerencia.turismo@xunta.gal)



Sección 3ª. *Axudas da Axencia Turismo de Galicia en réxime de concorrencia non competitiva destinadas á reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017 nos establecementos turísticos*

Artigo 14. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas aos titulares dos establecementos turísticos afectados polos incendios. Código de procedemento administrativo TU100B*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas aos establecementos turísticos, incluídos no ámbito competencial da Axencia Turismo de Galicia, para reparar os danos ocasionados polos incendios.

Base primeira. *Obxecto e beneficiarios*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas aos establecementos turísticos para reparar os danos ocasionados polos incendios acontecidos durante o mes de outubro de 2017.

2. Poden ser beneficiarios destas axudas os titulares dos establecementos turísticos incluídos no ámbito competencial da Axencia Turismo de Galicia e no Decreto 102/2017, do 19 de outubro, nos cales se producisen danos.

Será requisito imprescindible para conceder estas axudas que a entidade ou persoa solicitante teña inscrita, conforme estableza a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia, a actividade turística para a cal se solicita a axuda, con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Base segunda. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.



**Base terceira. Crédito**

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta sección faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.770.0, código de proxecto 2015 00005, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, polo importe máximo de 500.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria que, no caso de producirse, sería obxecto de publicación no DOG e non supoñería a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2018.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 18.000 euros ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.

3. Estas axudas sométense ao réxime establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

4. No caso de esgotamento do crédito dispoñible, informarase do dito aspecto a través da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

**Base cuarta. Destino das axudas**

Para os efectos desta orde, considéranse gastos subvencionables os custos da reparación ou reposición dos danos ocasionados nas edificacións, instalacións, maquinaria e nas



mercadorías depositadas neles, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos á actividade turística.

Consideraranse gastos subvencionables todos aqueles realizados desde as datas dos incendios do mes de outubro de 2017.

Base quinta. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de empregado público.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.



3. Os interesados achegarán a seguinte documentación:

a) Anexo I: modelo de solicitude normalizado.

b) Memoria descritiva dos danos causados e do correspondente investimento para a súa reparación, con detalle do orzamento ou facturas pro forma analizadas por partidas e do calendario de execución, acompañada polo proxecto técnico no caso de ser exixido polo concello para o tipo de obra ou investimento que se vaia realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo solicitante.

c) Documentos gráficos en calquera soporte que dean fe do dano.

d) Acreditación da titularidade dos bens afectados e, se é o caso, acreditación da titularidade do vehículo e da súa afectación á actividade que desenvolve.

e) Calquera outra documentación que contribúa a probar a contía dos danos, a condición de afectado e a vinculación dos bens danados á actividade desenvolvida.

f) Póliza de seguros e/ou declaración responsable de que os bens danados para os cales solicita as axudas non están asegurados, están asegurados na súa totalidade ou están asegurados parcialmente.

g) Todo isto sen prexuízo de que se solicite documentación complementaria aclaratoria dos datos que figuren na solicitude.

4. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

5. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa pre-





sentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

8. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) NIF da persoa xurídica ou entidade solicitante.

c) Estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da Comunidade Autónoma, así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

9. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitarlles a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio, que poderán ser presentados elec-



tronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente, só para o caso daquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Base sexta. Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Turismo de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Axencia Turismo de Galicia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia) Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a [xerencia.turismo@xunta.gal](mailto:xerencia.turismo@xunta.gal)

*Base sétima. Órganos competentes*

A Xerencia da Axencia Turismo de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponderalle á persoa titular da Dirección da Axencia ditar a resolución de concesión.

*Base oitava. Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nesta resolución, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir a persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición



do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Base novena. *Resolución e notificación*

1. O órgano instrutor elaborará a proposta de resolución definitiva que elevará á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia para a súa resolución. A dita proposta conterá a relación de expedientes instruídos, establecida por rigoroso orde de incoación, e nela indicárase o número de expediente, denominación e NIF da entidade solicitante, data de presentación da solicitude, a actuación que se subvenciona e o seu custo, a subvención proposta e a súa contía, ou ben a causa da proposta de denegación ou inadmisión, segundo corresponda.

2. A persoa titular da Dirección, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, o solicitante ao cal se lle concede a subvención, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, de ser o caso, a causa de inadmisión ou denegación da solicitude.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a persoa beneficiaria ou investimento total.

Unha vez esgotado o crédito destinado a estas subvencións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a dita circunstancia, que comportará a inadmisión dos expedientes instruídos con posterioridade ao esgotamento do orzamento previsto para esta convocatoria.

De conformidade co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez esgotado o crédito dispoñible poderá ampliarse este cando o aumento veña derivado dalgunha das condicións previstas no dito artigo.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.



5. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

6. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

7. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

8. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Base décima. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.



Se o acto non for expreso, poderá interpoñerse o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Base décimo primeira. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido antes de que remate o prazo de xustificación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención e as actuacións subvencionables.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tiveron lugar con posterioridade a ela.

4. Xunto coa solicitude, a entidade deberá presentar: memoria xustificativa, orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 9 destas bases.

6. Cando o beneficiario da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da subvención poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.



Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

Base décimo segunda. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección da Axencia ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da citada lei.

Base décimo terceira. *Xustificación das axudas*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de xuño de 2018 para presentar orixinais ou copias cotexadas da documentación que a continuación se indica:

a) Memoria de actuación.

b) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo IV.

c) Facturas xustificativas de materialización da reparación ou reposición dos danos, indicando nelas concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativos do pagamento dos gastos realizados.

d) Calquera outro documento que xustifique o emprego da axuda na reparación ou reposición dos danos

e) Anexo II: modelo de declaracións actualizado.

2. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso ditarase a oportuna resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Base décimo cuarta. *Pagamento*

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Axencia, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Base décimo quinta. *Incumprimento, reintegros e sancións*

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Base décimo sexta. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, e de conformidade cos artigos 18.3 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a concesión das axudas reguladas nesta convocatoria á Base de datos nacional de subvencións, que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As persoas ou entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



**Base décimo sétima. Información ás persoas interesadas**

Sobre estas axudas poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia: <http://www.turismo.gal>
- b) Os teléfonos 981 54 63 63 e 981 54 63 64 e o fax 981 54 63 71 da devandita axencia.
- c) Enderezo electrónico [xerencia.turismo@xunta.gal](mailto:xerencia.turismo@xunta.gal)
- d) Presencialmente.

*Sección 4ª. Axudas da Secretaría Xeral para o Deporte destinadas a asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións derivados dos incendios, tramitadas como anticipadas de gasto*

**Artigo 15. Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións derivados dos incendios, tramitadas como anticipadas de gasto. Código de procedemento administrativo PR945A**

Convócanse as axudas, tramitadas como anticipadas de gasto, en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións derivados dos incendios, no eido competencial da Secretaría Xeral para o Deporte, conforme as seguintes bases:

**Base primeira. Obxecto e beneficiarios**

1. As subvenciones reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para sufragar os gastos polos danos causados nas súas instalacións derivados dos incendios nos que incorresen os beneficiarios desde a data dos incendios.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas as asociacións, clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro polos danos nas súas instalacións pola vaga de incendios que se produciron en Galicia no mes de outubro de 2017.

3. Serán subvencionables con cargo á presente convocatoria os gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e, en particular, as repa-





racións dos danos causados polos incendios nos seguintes bens de titularidade privada dedicadas á práctica deportiva:

– Terreos de xogo e adestramento e edificacións que prestan servizo a estas instalacións (vestiarios, almacéns, oficinas...) e outras edificacións dedicadas a dar soporte á práctica deportiva.

– Material e equipamento deportivo depositado en instalacións deportivas afectadas polos incendios.

4. As asociacións, clubs e entidades deportivas deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

#### Base segunda. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

#### Base terceira. *Crédito*

1. Resulta de aplicación a Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, que regulan a tramitación anticipada de expedientes de gasto polo que a aprobación do expediente queda condicionada á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

2. As subvencións reguladas ao abeiro desta sección faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.781.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 por importe de 100.000,00 euros.



3. A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade dos investimentos realizados cun límite máximo por entidade de 18.000,00 euros ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.

4. A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade dos gastos de material e equipamentos realizados cun límite máximo por entidade de 5.000,00 euros ata o esgotamento do crédito a que se refire o número 2.

5. No caso de esgotamento do crédito dispoñible, informárase do dito aspecto a través da páxina web oficial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (<http://cpapx.xunta.gal>) e no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Base cuarta. *Destino das subvencións*

Para os efectos desta orde, considéranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese a asociación, club ou entidade deportiva solicitante nas actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios acaecidos no mes de outubro de 2017 tanto os gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios como os gastos derivados da reparación ou reposición das instalacións, material e equipamento deportivo prexudicados polos incendios.

#### Base quinta. *Iniciación e prazo de presentación de solicitudes*

1. As asociacións, clubs e entidades deportivas que desexen acollerse aos beneficios desta sección, na modalidade de concorrencia non competitiva, presentarán solicitude dirixida á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde acompañados da documentación que se relaciona no número 7 desta base.

2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirírselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

7. A entidade solicitante deberá xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a) Declaración responsable asinada polo representante da asociación, club ou entidade deportiva solicitante, incluída no anexo I desta orde, segundo proceda, en que se faga constar:

a.1. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



a.2. Que a asociación, club ou entidade deportiva non está incursoa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e, neste caso, debe presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

b) Certificación emitida polo/a secretario/a da asociación, club ou entidade deportiva solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

O acordo do órgano competente da asociación, club ou entidade deportiva polo cal se solicita a subvención para as actuacións que se pretenden executar ao abeiro desta orde.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

O acordo estará referido a todas as actuacións que integran o proxecto, polo que se deberá consignar a denominación e o orzamento de cada unha, así como o orzamento total.

O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

c) Acreditación de ter axustados os estatutos da asociación, club ou entidade deportiva ao disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. O incumprimento deste requisito constituirá causa de inadmisión da solicitude.

d) Memoria xustificativa da necesidade das actuacións de reparación dos danos para as cales solicitan subvención, asinada polo/a representante da asociación, club ou entidade deportiva.

e) Nas solicitudes para obras deberá achegarse o proxecto ou anteprojecto da/s obra/s que se vaian realizar co seguinte contido mínimo:

– Memoria explicativa.



- Orzamento detallado.
- Planos a escala suficiente.

Así mesmo, deberá presentarse a certificación emitida polo/a secretario/a da asociación, club ou entidade deportiva, no modelo do anexo II, referida á plena dispoñibilidade da entidade solicitante sobre os inmobles onde se pretenden realizar as actuacións.

f) Nas solicitudes para equipamento deberá achegarse unha memoria explicativa dos equipamentos para os cales se solicita subvención, asinada polo representante da entidade solicitante, que conterà a descrición e o orzamento detallado do equipamento solicitado.

8. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos dos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias con AEAT, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

9. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada.

10. O defecto nas solicitudes seralles notificado ás persoas interesadas pola Secretaría Xeral para o Deporte e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días para emendar os erros ou omisións, con indicación de que, de non facelo así, se lles



terá por desistidos da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Base sexta. *Instrución*

1. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que, ao abeiro do establecido na base quinta da presente sección, se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

2. As resolucións de concesión poderán ditarse sucesivamente, de forma individual para cada unha das solicitudes presentadas, a medida que se vaia verificando que toda a documentación que exige a base quinta da presente sección é correcta e está completa, ata o esgotamento do crédito consignado na correspondente partida orzamentaria.

3. A persoa titular da Subdirección Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte elevará as sucesivas propostas de concesión á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, quen resolverá.

Base sétima. *Resolución, notificación e modificación*

1. O prazo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta orde será de cinco meses, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Esgotado este prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente por silencio administrativo.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na base terceira da presente orde.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada a notificación cando transcorren dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima aos interesados entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

8. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

9. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, e deberán cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproban o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Base oitava. *Aceptación*

1. O representante da asociación, club ou entidade deportiva beneficiario disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.



2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

3. As asociacións, clubs e entidades deportivas beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

4. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá comprobar, cando o considere conveniente, o destino das cantidades subvencionadas.

Base novena. *Xustificación e pagamento*

1. Poderase realizar un primeiro pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención, non estando obrigado á presentación de avais.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a xustificación ata o 31 de maio de 2018.

3. A xustificación estará integrada polos seguintes documentos:

a) Facturas xustificativas dos gastos realizados coa xustificación dos pagamentos que deberá acreditar que se fixeron cos requisitos exixidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia.

b) Certificación responsable asinada polo secretario/a da asociación, club ou entidade deportiva beneficiaria segundo o anexo III desta orde, en que se fai constar:

1º. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

De haber outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse unha relación detallada de tales ingresos ou subvencións con indicación do importe e da súa procedencia.

2º. A presentación da solicitude de pagamento de subvención pola persoa interesada ou representante, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da





Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e, neste caso, debe presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

c) Certificación emitida no modelo do anexo III polo/a secretario/a da asociación, club ou entidade deportiva beneficiaria relativa:

1º. Á aprobación polo órgano competente da xustificación da subvención, na cal se faga constar de forma detallada:

a. O cumprimento da finalidade da subvención.

b. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.

c. A existencia de licenza, permiso ou autorización exixidos para as actuacións levadas a cabo.

2º. Que, segundo informe do tesoureiro da asociación, club ou entidade deportiva beneficiaria, se anotou na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.

3º. Que, segundo informe do/a secretario/a da asociación, club ou entidade deportiva beneficiaria, a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou:

a. As actuacións posteriores á publicación da presente orde deberán contar con:

– Solicitud de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 48.2.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e no artigo 10 desta orde, na que non será necesario.

– Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.

b. Non se exixirá o referido no punto anterior para as actuacións levadas a cabo desde a data dos incendios ata a data de publicación desta orde.



4. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Base décima. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral para o Deporte.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral para o Deporte, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral para o Deporte, rúa Madrid, 2-4, 2º andar (As Fontiñas), 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a [secretaria.deporte@xunta.gal](mailto:secretaria.deporte@xunta.gal)

### CAPÍTULO III

#### **Axudas por danos persoais causados polos incendios correspondentes ao ámbito da competencia da Consellería de Facenda**

Artigo 16. *Convocatoria de axudas por danos persoais causados polos incendios*  
*Código de procedemento administrativo FA100A*

Convócanse axudas en réxime de concorrencia non competitiva polos danos persoais que teñan a súa causa nos incendios que se produciron en Galicia en outubro de 2017, conforme as seguintes bases:

Base primeira. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas polos danos persoais causados polos incendios que se produciron en Galicia en outubro de 2017, sempre que,



como resultado das investigacións iniciadas, se determine a existencia de intencionalidade, e que se relacionan de seguido:

- a) Falecemento.
- b) Incapacidade permanente absoluta.
- c) Lesións que motiven a hospitalización da persoa ferida.

Base segunda. *Persoas beneficiarias*

1. Serán beneficiarias directas destas axudas as persoas afectadas pola incapacidade permanente absoluta ou lesións que causasen a hospitalización.

2. Serán beneficiarios destas axudas a título de vítimas indirectas, no caso de morte e con referencia sempre á data desta, as persoas que reúnan as condicións que se indican a continuación:

a) O cónxuxe da persoa falecida, se non estivese separado legalmente, ou a persoa que viñera convivindo coa persoa falecida de forma permanente, con análoga relación de afectividade á de cónxuxe, durante, polo menos, os dous anos anteriores ao momento do falecemento, salvo que tivesen descendencia; neste caso abondará a mera convivencia.

b) Os fillos menores de idade dos falecidos ou das outras persoas a que se refire a alínea anterior.

c) Os fillos maiores de idade se sufrisen un prexuízo económico-patrimonial relevante, debidamente acreditado, en relación coa súa situación económica anterior ao falecemento.

d) Na falta das persoas mencionadas anteriormente, serán beneficiarios os pais da persoa falecida.

e) Na falta das persoas mencionadas nas alíneas a), b), c) e d), serán beneficiarios os irmáns da persoa falecida, se acreditan dependencia económica daquela.

3. De concorreren varios beneficiarios a título de vítimas indirectas, a distribución da cantidade a que ascenda a axuda efectuarase da seguinte forma:

A cantidade dividirase en dúas metades. Corresponderá unha ao cónxuxe ou á persoa que viñese convivindo co falecido nos termos da letra a) do punto anterior. Corresponderá



a outra metade aos fillos mencionados nas letras b) e c) do punto anterior, e distribuirá entre todos eles por partes iguais.

De resultaren beneficiarios os pais do falecido, a cantidade á que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

De resultaren beneficiarios os irmáns do falecido, a cantidade a que ascende a axuda repartirase entre eles por partes iguais.

**Base terceira. *Procedemento de concesión***

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

**Base cuarta. *Lugar e prazo para a presentación das solicitudes***

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. As persoas interesadas que non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poden presentalas presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



3. O prazo para a presentación das solicitudes de axuda será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao seguinte día hábil e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

Base quinta. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento e comprobación de datos e notificacións*

1. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria relativa aos danos persoais causados.
- b) Xustificación adecuada dos danos persoais e a súa relación de causalidade co incendio.
- c) Xustificación do parentesco e do seu dereito, se é beneficiario indirecto.
- d) Xustificantes dos gastos e calquera outros datos de feito invocados.
- e) Documentación acreditativa da representación, de ser o caso.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admi-



tido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación sinalada, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co artigo 21 da dita lei.

2. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos do DNI/NIE da persoa solicitante.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base sexta. *Determinación da axuda*

1. As axudas concederanse de acordo cos seguintes criterios:

a) 75.000 euros para os casos de falecemento e incapacidade permanente absoluta.

b) Para os casos de lesións que causasen hospitalización, incluíranse en todo caso os gastos de asistencia médica e hospitalización, así como outros danos persoais que se acrediten e estean comprendidos entre 60 e 103 euros por día de hospitalización, sen que en ningún caso poidan superarse as contías que resultan de aplicar o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, recollido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.

2. Os servizos técnicos da consellería avaliarán os danos persoais por lesións obxecto de axuda e emitirán un informe coa valoración dos danos indemnizables.

Base sétima. *Resolución*

1. A resolución sobre a concesión ou denegación destas axudas competeralle ao conselleiro de Facenda e notificaráselles aos interesados no prazo de dez días a partir da data en que se dite a resolución.

2. En todo caso, o prazo para resolver e notificar rematará o día 11 de decembro de 2017.

3. Se transcorre o citado prazo máximo sen recaer resolución expresa por parte do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base oitava. *Réxime de recursos*

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa; e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante a Consellería de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderán ser impugnadas directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente nos prazos legalmente establecidos.

Base novena. *Financiamento e pagamento*

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación 23.01.621A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, por un importe total máximo de 350.000 euros.

2. O pagamento das axudas reguladas neste artigo farase unicamente na conta bancaria que as persoas solicitantes fagan constar no anexo. Esta conta ten que permanecer activa mentres non se teña constancia da finalización do expediente. A Consellería de Facenda non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas alleas á propia tramitación do expediente.

Base décima. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións coa cidadanía, cuxo obxecto é, entre outros, as accións informativas e de actividades dirixidas á cidadanía.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o citado órgano mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a [secretaria.xeral.facenda@xunta.gal](mailto:secretaria.xeral.facenda@xunta.gal)





**CAPÍTULO IV****Axudas destinadas a titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia afectados polos incendios no ámbito da competencia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**

Artigo 17. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a titulares de terreos cinexéticos ordenados de Galicia afectados polos incendios. Código de procedemento administrativo MT100A*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a titulares de terreos cinexéticos ordenados de Galicia afectados polos incendios, no eido competencial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, conforme as seguintes bases:

Base primeira. *Obxecto e beneficiarios*

1. As subvenciones reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para sufragar os gastos derivados das actuacións que se leven a cabo para paliar os danos causados nos terreos cinexeticamente ordenados como consecuencia dos incendios que se produciron durante o mes do outubro do ano 2017, incluídos os danos producidos desde o día do incendio ata o 31 de decembro de 2017.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións convocadas os titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia, regulados no artigo 13 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, afectados pola vaga de incendios que se produciron en Galicia no mes de outubro de 2017.

3. Serán subvencionables con cargo á presente convocatoria:

a) As actuacións nos terreos cinexeticamente ordenados coa finalidade de recuperación dos hábitats cinexéticos e a protección dos solos nas zonas afectadas polos lumes.

b) A recuperación das infraestruturas e instalacións destruídas polos incendios (refuxios, fontes, comedeiros, bebedoiros, tobeiras, cercas, infraestruturas de aclimatación, elementos de sinalizacións, etc.)

4. As actuacións referidas na letra a) consistirán na sementeira de cereais nos tecor afectados pola vaga de lumes forestais referida. Para tal efecto as actuacións de sementeira poderanse estender ata o 10 % da superficie queimada.



O custo subvencionable será dun máximo de 650 euros por hectárea, cun límite máximo por entidade de 30.000 euros ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Respecto ás actuacións referidas na letra b), os interesados deberán presentar unha memoria sobre os danos ocasionados nas infraestruturas ou instalacións afectadas polo lume, incluíndo unha relación valorada destes, a xustificación da titularidade, propiedade ou dereito de uso dos ditos bens.

Subvencionarase o 100 % dos gastos acreditados en reparacións e/ou reposicións das infraestruturas e/ou instalacións ata un máximo de 12.000 euros por solicitante.

5. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

#### Base segunda. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da Lei 9/2007.

#### Base terceira. *Crédito*

1. Resulta de aplicación a Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000, e do 25 de outubro de 2001, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto polo que a aprobación do expediente queda condicionada á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

As axudas concederanse con cargo ao crédito previsto na aplicación orzamentaria, 07.03.541B 781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, por importe de trescentos mil euros (300.000,00 euros).



2. A axuda económica que se conceda para actuacións de recuperación de hábitats e protección do solo poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 30.000 euros ata o esgotamento do crédito.

3. A axuda económica que se conceda para recuperación de infraestruturas poderá acadar a totalidade do gasto efectuado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros ata o esgotamento do crédito.

4. No caso de esgotamento do crédito dispoñible, publicarase a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio <http://cmaot.xunta.gal>

Base cuarta. *Destino das subvencións*

Para os efectos desta orde, considéranse gastos subvencionables aqueles nos que incorrese o tecor solicitante nas actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios acaecidos no mes de outubro de 2017, tanto os gastos derivados de actuacións de recuperación e protección do solo como os gastos derivados da recuperación das infraestruturas e instalacións afectadas polos incendios.

Base quinta. *Iniciación e prazo de presentación de solicitudes*

1. Os tecores que desexen acollerse aos beneficios deste capítulo presentarán solicitude dirixida á Dirección Xeral de Patrimonio Natural, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde acompañados da documentación que se relaciona no punto 7 desta base.

2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos,



considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

7. A entidade solicitante deberá xuntar á solicitude a seguinte documentación:

a) Declaración responsable asinada polo representante legal do tecor, incluída no anexo I desta orde, en que se faga constar:

a. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, das distintas administracións públicas competen-



tes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b. Que o tecor non estea incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e) e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o tecor está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

c. Declaración da conta bancaria.

b) Certificación emitida polo/a representante legal do tecor solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

O acordo do órgano do tecor polo cal se solicita a subvención para as actuacións que se pretenden executar ao abeiro desta orde.

No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

O acordo estará referido a todas as actuacións que integran o proxecto, polo que se deberá consignar a denominación e o orzamento de cada unha, así como o orzamento total.

O incumprimento destes requisitos constituirá causa de inadmisión da solicitude.

c) Memoria xustificativa da necesidade das actuacións de reparación dos danos nas infraestruturas e instalacións para as cales solicitan a subvención, asinada polo/a representante legal do tecor.

d) Nas solicitudes para as actuacións subvencionadas deberá achegarse o proxecto ou anteprojecto desta/s co seguinte contido mínimo:

– Memoria explicativa.



– Orzamento detallado.

– Planos a escala suficiente.

e) Así mesmo, deberá presentarse a certificación emitida polo representante legal do tecor, no modelo do anexo III, referida á plena dispoñibilidade da entidade solicitante sobre os terreos e/ou infraestruturas onde se pretenden realizar as actuacións.

8. O defecto nas solicitudes seralles notificado ás persoas interesadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días para emendar os erros ou omisións, con indicación de que, de non facelo así, se lles terá por desistidos da súa petición, logo da resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

9. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada.

#### Base sexta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa representante legal do tecor.

b) NIF do tecor solicitante.

c) Consulta das referencias Sixpac dos terreos afectados polos lumes.

d) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.



e) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

f) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Consellería de Facenda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Base sétima. *Instrución*

1. En todas as solicitudes de actuacións consideradas subvencionables, e por petición da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o persoal do Servizo de Conservación da Natureza da correspondente xefatura territorial realizará unha inspección previa, na cal se observará se a acción ou proxecto se axusta á realidade física e económica e que cumpre cos requisitos exixidos nesta orde. No caso de que as actuacións se atopen dentro da Rede Natura 2000, os servizos provinciais de Conservación da Natureza, da correspondente xefatura territorial de oficio emitirán un informe no que se analice a compatibilidade da actuación cos espazos da Rede Natura 2000.

2. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que, ao abeiro do establecido na base quinta do presente capítulo, se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

3. As resolucións de concesión poderán ditarse sucesivamente, de forma individual para cada unha das solicitudes presentadas, a medida que se vaia verificando que toda a documentación que exige o base quinta do presente capítulo é correcta e está completa, ata o esgotamento do crédito consignado na correspondente partida orzamentaria.



4. A persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural elevará as sucesivas propostas de concesión á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, quen resolverá.

Base oitava. *Resolución, notificación e modificación*

1. O prazo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta orde será de tres meses, contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Será causa de denegación da concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na base terceira deste capítulo.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á contax de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada a notificación cando transcorren dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima





as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

8. Contra a resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

9. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse en todo caso os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Base novena. *Aceptación*

1. O representante do tecor beneficiario disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

3. Os tecor beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.

4. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá comprobar, cando o considere conveniente, o destino das cantidades subvencionadas.

5. Todos os trámites administrativos que as entidades deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da entidade, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Base décima. *Xustificación e pagamento*

1. Poderase realizar un primeiro pagamento do 50 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, de acordo co establecido no Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención.

De ser o caso, a persoa beneficiaria deberá solicitar por escrito ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, segundo o modelo do anexo IV, nun prazo de 10 días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, o aboamento dun único pagamento anticipado, que non poderá superar o 50 % da axuda concedida.

Exímense os/as beneficiarios/as da obriga de constituír garantías, logo da súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regula a Lei de subvencións de Galicia.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo máximo para executar as actuacións subvencionadas ata o 20 de setembro de 2018.

3. O pagamento da cantidade concedida a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos.

4. Con carácter xeral, e salvo que a resolución de concesión da axuda dispoña o contrario, o prazo para xustificar o remate das actividades e o pagamento dos conceptos correspondentes a elas, finalizará o 15 de outubro de 2018. Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa interesada realizada antes da finalización do prazo establecido, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo da xustificación das axudas, que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto. As entidades beneficiarias deberán presentar no prazo máximo que se indique na resolución e na forma indicada, a seguinte documentación:

a) Solicitud de pagamento, segundo o anexo V desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os que foi concedida a axuda da que se trate.

b) Para xustificar os gastos das axudas reguladas:

1º. Memoria descritiva asinada pola persoa representante do tecor que deberá detallar de forma fidedigna unha relación clasificada dos gastos realizados.



2º. Copia cotexada das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria con detalle de cada un dos conceptos. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos nos que se incorreu, a través da copia cotexada da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.

5. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

6. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Base décimo primeira. *Control das actividades subvencionadas*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderán solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base décimo segunda. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio



Ambiente e Ordenación do Territorio, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e termos previstos no seu artigo 33.

Base décimo terceira. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións informativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a [sxt.mot@xunta.gal](mailto:sxt.mot@xunta.gal)

Base décimo cuarta. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.



Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## CAPÍTULO V

### **Axudas destinadas ao aloxamento provisional das persoas cuxas vivendas resultaron danadas polos incendios así como a sufragar os gastos nas vivendas danadas e o seu enxoval doméstico correspondentes ao ámbito da competencia da Concellería de Infraestruturas e Vivenda**

Sección 1ª. *Bases reguladoras e convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugueiro nunha vivenda transitoria das persoas cuxas vivendas resultaron danadas polos incendios forestais acaecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017*

Artigo 18. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugueiro nunha vivenda transitoria das persoas cuxas vivendas resultaron danadas polos incendios forestais acaecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017. Código de procedemento administrativo VI100A*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugueiro nunha vivenda transitoria das persoas cuxas vivendas resultaron danadas polos incendios forestais, no eido competencial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, conforme as seguintes bases:

#### Base primeira. *Obxecto*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas destinadas a sufragar os gastos de aloxamento provisional derivados da sinatura dun contrato de alugueiro nunha vivenda transitoria das persoas cuxas vivendas resultaron danadas polos incendios forestais acaecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017.

#### Base segunda. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas físicas que, como consecuencia da acción dos incendios forestais dos días 14, 15 e 16 de outubro, teñan que



abandonar temporalmente as súas vivendas. Para estes efectos, a vivenda danada polos lumes, ten que constituír a residencia habitual da persoa beneficiaria xa sexa en concepto propietaria, usufrutuaria ou arrendataria.

2. As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Ademais, non deben estar incurso en ningún dos outros supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Nin a persoa beneficiaria nin ningún outro membro da unidade de convivencia poderá ter vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora. Así mesmo, non poderá existir vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata segundo grao, coa persoa arrendadora. Esta mesma exixencia aplicarase cando a parte arrendadora sexa unha persoa xurídica, respecto de calquera dos seus socios ou partícipes.

#### Base terceira. *Crédito orzamentario*

As subvencións reguladas ao abeiro desta sección, correspondentes aos exercicios 2017, 2018 e 2019, faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451B.480.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 100.000 euros para o ano 2017, 240.000 euros para o ano 2018 e 218.000 euros para o ano 2019.

#### Base cuarta. *Actuacións subvencionables e contías das axudas*

1. Subvencionarase o custo mensual do alugamento dunha vivenda para residencia provisional para a unidade de convivencia que habitaba a vivenda danada, en canto esta non recupere as condicións que permitan a súa nova ocupación. Ademais, concederáse á persoa beneficiaria unha axuda complementaria para o suposto da formalización dun contrato de alugueiro, para efectos de atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións.

2. A subvención máxima da renda mensual non poderá superar os 450 euros, para as vivendas situadas nos concellos incluídos na zona territorial I e os 400 euros, para os restantes concellos de Galicia, que se corresponden coa zona territorial II, de conformidade co anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas



en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

3. Esta axuda terá unha duración máxima de dous anos, contados desde a formalización do contrato de alugueiro.

4. O importe da axuda complementaria para atender aos gastos iniciais vinculados ao arrendamento da vivenda será dun máximo de 600 euros.

**Base quinta. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no DOG, rematando, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria, que se fará constar no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante, IGVS).

**Base sexta. *Solicitudes***

1. A solicitude de subvención concesión realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta orde e deberase dirixir á Dirección Xeral do IGVS.

2. As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou concedido algunha outra axuda, deberá indicarse cales.



b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración de que a vivenda danada polos lumes dos días 14, 15 e 16 de outubro e que ten que abandonar constituía a súa residencia habitual en concepto de propietario, de usufrutuario ou de inquilino.

f) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.

Base sétima. *Documentación complementaria*

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Anexo II de declaración de datos da persoa arrendadora.

b) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante.

c) Certificado municipal de residencia, domicilio fiscal ou calquera outro medio de proba que acredite a residencia habitual e permanente na vivenda danada, no caso de non poder presentar o certificado de empadramento na vivenda.

d) Título que acredite a condición da persoa propietaria ou usufrutuaria da vivenda danada.

e) No caso de que o solicitante desta axuda fose arrendatario da vivenda danada, copia do contrato de alugamento da referida vivenda con data anterior ao 16 de outubro de 2017.

f) De ser o caso, copia do contrato de alugamento de nova vivenda de data posterior ao 14 de outubro de 2017.

g) Fotografías que reflectan a situación da vivenda danada.





h) Copia da póliza de seguro dos bens afectados, ou de non ter seguro, declaración xurada de que os danos na vivenda danada non estaban asegurados.

i) Certificado técnico municipal da necesidade de aloxamento provisional noutra vivenda derivado da situación en que quedou a vivenda que constituía o seu domicilio habitual e permanente.

**Base oitava. *Forma de presentación da documentación complementaria***

1. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

3. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

**Base novena. *Comprobación de datos***

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante,

b) Certificado de empadramento na vivenda danada da persoa solicitante.

c) Certificados acreditativos de non ter débedas coa AEAT, coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia da persoa solicitante.



2. No caso de que a persoa solicitante se opoña a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I, e achegar os documentos oportunos ou aqueloutros que os substitúan.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

*Base décima. Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

A tramitación, instrución e a formulación da proposta de resolución das solicitudes de axudas é competencia da Dirección Técnica de Fomento do IGVS. As resolucións serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

*Base décimo primeira. Procedemento de concesión*

1. O procedemento iniciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación no DOG desta orde.

2. Se a solicitude presentada non reunise os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, emende ou achegue os documentos preceptivos, e advírteselle que, no caso de non atender o requirimento, se terá por desistido da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Unha vez recibidas as solicitudes, o órgano instrutor remitirá ao consorcio de compensación de seguros unha relación de persoas que solicitaron a subvención facendo constar o nome, apelidos e DNI, para os efectos de coñecer as posibles indemnizacións que as persoas interesadas puidesen recibir neste concepto.

4. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, o órgano instrutor elevará a proposta de resolución de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que segundo en dereito proceda.

*Base décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para a facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes. Estes modelos presentaranse por medios electrón-



nicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base décimo terceira. *Resolución e recursos*

1. Na resolución indícarase a persoa beneficiaria, a contía das axudas concedidas e outorgaráselle á persoa beneficiaria un prazo máximo de dous (2) meses para que achegue o correspondente contrato de alugueiro, no caso de que non conste no expediente.

2. O prazo para resolver e notificar a concesión será dun (1) mes contado desde a data de presentación de solicitudes e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2017. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. As resolucións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes na Dirección Xeral do IGVS, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela na que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde.

4. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia do IGVS. O prazo para a interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Base décimo cuarta. *Causas de denegación*

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgúns dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispuxesen de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución, de acordo co establecido no punto terceiro da base décimo terceira desta sección.

3. Ademais, será causa de denegación que a vivenda danada que motiva o aloxamento provisional non estea no ámbito territorial dos incendios acaecidos os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017.



**Base décimo quinta. *Xustificación da concesión da subvención***

1. A xustificación da concesión da subvención realizarase mediante o correspondente contrato de alugueiro, que poderá ter sido formalizado a partir do 14 de outubro de 2017.

2. A subvención da renda do alugueiro aboarase de xeito mensual ao arrendador.

No suposto de que a renda de alugueiro sexa igual ou inferior ao importe da axuda, o arrendatario deberá acreditar dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes da vixencia do contrato de aluguer mediante a presentación dunha declaración responsable de que sigue residindo na vivenda alugada e na que se fará constar ademais que a súa vivenda habitual non esta aínda reparada.

No suposto de que a renda de alugueiro sexa superior ao importe da axuda, con carácter previo ao aboamento da renda ao arrendador, a persoa beneficiaria deberá presentar, ademais da declaración responsable prevista no parágrafo anterior, o pagamento da súa parte de renda mensual, mediante a achega do extracto ou certificado bancario que acredite o pagamento da renda na sede central do IGVS dentro dos cinco primeiros días naturais de cada mes.

No suposto de que o contrato estivese formalizado e fosen aboadas contías con anterioridade á data da resolución de concesión, as contías correspondentes a este período serán aboadas á persoa arrendataria.

3. A axuda complementaria prevista na base cuarta desta sección xustificárase coa acreditación da constitución do depósito da fianza ou dos contratos de altas de subministracións. Esta documentación xustificativa deberase presentar na sede central do IGVS dentro do prazo de dous meses, contados desde a data de notificación da resolución da concesión da subvención.

**Base décimo sexta. *Pagamento das subvencións***

Unha vez acreditada pola persoa beneficiaria, de ser o caso, a xustificación do pagamento da súa parte da renda mensual ou presentada a declaración xurada sinalada no punto segundo da base décimo quinta desta sección, procederase ao pagamento da subvención mensual mediante transferencia bancaria na conta da persoa arrendadora,



conforme o sinalado no anexo I. No caso da xustificación da axuda complementaria conforme o sinalado no punto terceiro da base décimo quinta desta sección procederáase ao seu pagamento mediante transferencia bancaria na conta da persoa beneficiaria.

Base décimo sétima. *Cambio de domicilio*

1. Se durante a vixencia da concesión a persoa beneficiaria da axuda cambia o seu domicilio dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, subscribindo un novo contrato de alugamento de vivenda, quedará obrigada a comunicar o dito cambio ao órgano instrutor que tramitou a concesión inicial no prazo máximo de cinco días, contados desde a sinatura do novo contrato de arrendamento. Así mesmo, deberá achegar o novo contrato de alugamento xunto co xustificante do depósito da fianza no IGVS.

2. A persoa beneficiaria non perderá o dereito á subvención polo cambio de domicilio, sempre que co novo arrendamento se cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras e na correspondente convocatoria e, ademais, o novo contrato de arrendamento se formalice sen interrupción temporal co anterior. Nestes supostos, a persoa beneficiaria percibirá, como máximo, o mesmo importe en concepto de subvención, que o que tiña recoñecido inicialmente.

Base décimo oitava. *Xustificación final*

Para a percepción da axuda do derradeiro mes subvencionable deberá terse xustificado a totalidade dos pagamentos dos meses anteriores nos termos establecidos na base décimo quinta desta sección.

Base décimo novena. *Perda e reintegro da subvención*

1. Serán causas de perda e reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 xuño, a resolución do contrato de arrendamento subvencionado.

2. Na resolución de convocatoria de axudas deste programa poderá establecerse que os remanentes derivados das perdas de subvencións se reasignen á concesión doutras solicitudes, o que se fará atendendo á orde de prelación establecida na base décimo terceira desta sección.



**Base vixésima. Obrigas das persoas beneficiarias**

Ademais das recollidas no artigo 6 desta orde, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Acreditar o pagamento da renda conforme o previsto nestas bases reguladoras.
- b) Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) As demais obrigas que se derivan desta orde.

**Base vixésimo primeira. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Non obstante, as persoas interesadas poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia



(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao mesmo.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o IGVS efectuará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base vixésimo segunda. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central, s/n, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [aluga.igvs@xunta.gal](mailto:aluga.igvs@xunta.gal)

Base vixésimo terceira. *Compatibilidade e incompatibilidade*

As subvencións previstas nesta orde serán compatibles coas axudas desta ou doutras administracións públicas, así como de calquera outra entidade, xa sexa pública ou privada, sempre que o importe total concedido por todas elas non supere o custo da renda do contrato de alugamento.

Base vixésimo cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión deste programa.



*Sección 2ª. Bases reguladoras e convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos en vivendas danadas e no seu enxoval doméstico, causados polos incendios acontecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017*

*Artigo 19. Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos para reparar os danos nas vivendas e no seu enxoval doméstico, causados polos incendios acontecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017. Código de procedemento administrativo VI100B*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a sufragar os gastos para reparar os danos nas vivendas e no seu enxoval doméstico, causados polos incendios acontecidos en Galicia, no eido competencial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, conforme as seguintes bases:

**Base primeira. Obxecto**

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas destinadas a sufragar os gastos para reparar os danos nas vivendas e no seu enxoval doméstico, causados polos incendios acontecidos en Galicia os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017.

**Base segunda. Persoas beneficiarias**

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas danadas polos citados incendios forestais.

2. As persoas beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Ademais, non deben estar incurso en ningún dos outros supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

**Base terceira. Crédito orzamentario**

1. As subvencións previstas nesta convocatoria correspondentes aos exercicios 2018, 2019 e 2020 faranse efectivas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 08.80.451A.780.9 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de 1.000.000 de euros para a ano 2018, 500.000 euros para o ano 2019 e 500.000 euros para o ano 2020.





2. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

Base cuarta. *Actuacións subvencionables e contías das axudas*

As actuacións subvencionables son as seguintes:

1. Danos causados na vivenda que constituía a residencia habitual e permanente dos seus moradores, na parte non comprendida nas axudas que poidan aprobar outras administracións, ou calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

O importe máximo das axudas neste caso poderá acadar o 100 % do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 75 % do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

2. Danos causados no resto das vivendas, na parte non comprendida nas axudas que poidan aprobar outras administracións, ou calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarias as persoas afectadas.

O importe máximo das axudas neste caso poderá acadar ata o 40 % do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40 % do 75 % do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, cando menos, a residencia ocasional, e quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono.

3. Para os efectos destas axudas incluíranse na vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias da vivenda danada, e os elementos comúns, na porcentaxe correspondente á súa vivenda, no caso de comunidades de propietarios.

Entenderanse como instalacións complementarias as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para



autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións, etc. sempre e cando estean localizados no mesmo predio da vivenda.

A porcentaxe subvencionable destas construcións anexas, instalacións complementarias ou elementos comúns será do 100 % do valor de reparación ou reposición no caso de estaren asociadas á vivenda habitual danada, ou do 40 % no caso de vivenda ocasional, sen que en ningún caso o importe máximo de axudas por este concepto supere os 3.000 euros.

4. Serán igualmente obxecto de axuda os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade, cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións ou calquera outro sistema de cobertura de danos e sempre que os danos da vivenda sexan obxecto de subvención. O importe da axuda será de ata o 100 % dos gastos de reparación ou reposición no caso de vivenda habitual ou do 40 % no caso de vivenda ocasional. En calquera caso, o importe da subvención por este concepto non poderá ser superior aos 3.000 euros.

5. Non terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que sexan exclusivamente de carácter estético.

6. Para os efectos deste artigo, o prezo da vivenda protexida de réxime xeral determinarase en atención á situación da vivenda en municipios da zona territorial I ou II de conformidade co anexo I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, publicado no DOG do 3 de novembro de 2009.

7. Para os efectos da determinación das contías máximas das axudas por danos na vivenda, computarase como superficie útil máxima, no caso de vivendas unifamiliares, 120 m<sup>2</sup> e, no caso de vivendas pertencentes a edificios colectivos, 90 m<sup>2</sup>.

8. As actuacións previstas nesta orde poderán ser iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude ou á resolución de concesión, sempre que se conserven fotografías e calquera outro documento que acredite o estado en que quedou a vivenda, as construcións auxiliares ou o enxoval por causa dos incendios acaecidos.



**Base quinta. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no DOG, e rematará, en todo caso, co esgotamento da dotación orzamentaria da convocatoria, que se fará constar no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

**Base sexta. *Solicitudes***

1. A solicitude de subvención realizarase mediante a presentación do modelo que se incorpora como anexo I a esta sección e deberase dirixir á Área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda.

As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. No modelo de solicitude realizaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración de non ter solicitado ou obtido ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou ter concedida algunha outra axuda, deberá indicarse cales.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade e o seu importe.

c) Declaración de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



e) Declaración da persoa solicitante de que a vivenda afectada polos incendios dos días 14, 15 e 16 de outubro de 2017 é da súa propiedade ou é usufrutuaria desta.

f) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.

Base sétima. *Documentación complementaria*

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe en nome da persoa solicitante, de ser o caso.

b) No caso de residencia habitual: certificado municipal de residencia, domicilio fiscal ou calquera outro medio de proba que acredite a residencia habitual e permanente na vivenda, no caso de non poder presentar o certificado de empadramento na vivenda.

c) Título que acredite a condición de persoa propietaria ou usufrutuaria da vivenda.

d) Fotografías que reflictan os danos na vivenda danada e, de ser o caso, nas instalacións complementarias e no enxoval doméstico.

e) Memoria valorada por técnico competente de conformidade co disposto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, da actuación de reposición dos danos acaecidos na vivenda danada, construcións complementarias e enxoval.

f) Copia da póliza de seguro dos bens afectados ou, de non ter seguro, declaración responsable de que os bens para os que solicita as axudas non estaban asegurados.

g) Calendario de execución no cal se realizarán as actuacións, indicando o importe que se precisará en cada anualidade.

Base oitava. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o IGVS poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo coa copia electrónica presentada.

#### Base novena. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e, de ser o caso, da persoa representante.

b) Certificado de empadramento da persoa solicitante, no caso de que a vivenda se destinase a residencia habitual e permanente.

c) Certificados acreditativos de non ter débedas coa AEAT, coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia, da persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I e achegar os documentos oportunos ou aqueloutros que os substitúan.

3. No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Base décima. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

A tramitación, a instrución e a formulación da proposta de resolución das solicitudes de axudas é competencia da área provincial do IGVS que corresponda por razón da situación da vivenda danada. As resolucións serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.



**Base décimo primeira. *Procedemento de concesión***

1. O procedemento iníciase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación no DOG desta orde.

2. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndolle que, no caso de non atender o requirimento, se terá por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Unha vez recibidas as solicitudes, a área provincial do IGVS correspondente ao concello en que estea situada a vivenda danada remitirá ao Consorcio de Compensación de Seguros unha relación de persoas que solicitaron a subvención, facendo constar o nome, apelidos e DNI, para os efectos de coñecer as posibles indemnizacións que as persoas interesadas puidesen recibir neste concepto.

4. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, a persoa titular da área provincial do IGVS elevará a proposta de resolución de cada expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que, segundo dereito, proceda.

**Base décimo segunda. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes***

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para a facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Base décimo terceira. *Resolución e recursos***

1. A resolución da solicitude indicará necesariamente o prazo concedido para reparar os danos na vivenda e nas súas instalacións complementarias, que en ningún caso poderá ser superior a 24 meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Así mesmo na resolución de concesión figurará a contía da subvención e a súa distribución de anualidades, para a reparación dos citados danos.



2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis (6) meses, contados desde a data de presentación de solicitudes. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo. As solicitudes de subvención poderanse ir resolvendo na medida en que se vaian presentando, tendo en conta o cumprimento dos requisitos exixidos e a dotación orzamentaria.

3. As resolucións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes nas áreas provinciais do IGVS, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta orde.

4. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo para a interposición deste recurso será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Base décimo cuarta. *Causas de denegación*

1. Será causa de denegación da subvención o incumprimento dalgún dos requisitos exixidos na normativa que rexe estas subvencións.

2. Así mesmo, serán denegadas aquelas solicitudes que non dispuxesen de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución, de acordo co establecido na base décimo terceira, punto terceiro, desta sección.

3. Ademais, será causa de denegación que a vivenda danada non se atope no ámbito territorial dos incendios acaecidos os días 14, 15 e 16 de outubro de 2017.

Base décimo quinta. *Xustificación dos gastos da subvención*

1. Logo da concesión da subvención, e realizado o gasto desde o día 14 de outubro de 2017, a persoa solicitante deberá achegar, dentro do prazo concedido na resolución de concesión, o anexo II acompañado da seguinte documentación xustificativa do gasto realizado:

A. Cando se trate de xustificación parcial da subvención:

a) Memoria económica xustificativa, conforme o anexo III, do custo das actuacións realizadas, na que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que lle corres-



ponda xustificar e que conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, desde o día 14 de outubro de 2017, onde consten a identificación do acredor, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberá xustificarse mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa solicitante.

O importe xustificado á conta non poderá ser superior, en ningún caso, ao 80 % do total da subvención nin superar o importe máximo de 18.000 euros.

b) Memoria explicativa das obras ou gastos realizados.

c) Fotografías que mostren as obras ou gastos realizados.

d) Copia de tres orzamentos de distintos provedores, cando se dean os supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) No caso de que a entidade das obras o faga necesario, deberán presentar proxecto técnico e licenza ou autorización municipal correspondente.

B. Cando se trate da comunicación final das obras presentarán o anexo II e, ademais dos puntos anteriores que non fosen presentados con anterioridade, a seguinte documentación:

a) Certificado de finalización da obra ou memoria dos danos reparados, de ser o caso.

b) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

c) No suposto de que a subvención supere os 60.000 euros, deberá realizarse a comprobación material na forma prevista no artigo 30.2 da Lei 9/2007.

2. En ningún caso se admitirá a presentación de documentación xustificativa, parcial ou final, da subvención con posterioridade ao 15 de decembro de cada unha das anualidades comprendidas na resolución de concesión.

3. Os prezos das partidas de obras deberán axustarse aos prezos medios de mercado, podéndose tomar como referencia a Base de datos de construción de Galicia.





4. No caso de que o ritmo de execución das obras sexa diferente ao establecido na resolución de concesión, poderán reaxustarse, logo de solicitude da persoa beneficiaria, as anualidades mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización.

5. No caso de non ter presentado a xustificación da anualidade correspondente nos prazos indicados nin ter reaxustado as anualidades, perderase o dereito ao cobramento da parte da subvención correspondente á citada anualidade, o que será notificado á persoa beneficiaria a través da oportuna resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

*Base décimo sexta. Pagamento das subvencións*

A persoa titular da área provincial do IGVS, á vista da documentación presentada, e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, elevará a proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS. O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta da persoa beneficiaria indicada na solicitude.

*Base décimo sétima. Pagamentos fraccionados*

1. Excepcionalmente, no caso de que o importe do pagamento xustificado da subvención para obras de reparación ou reposición da vivenda sexa inferior a 18.000 euros, poderá aboarse un pagamento parcial de ata o 80 % da subvención concedida, sen superar o importe previsto en cada anualidade e cos gastos debidamente xustificadas. O citado pagamento será solicitado expresamente de acordo co procedemento establecido na base décimo quinta desta sección.

2. No caso de que o importe que se pretenda xustificar parcialmente supere a cantidade de 18.000 euros deberá prestarse a debida garantía de acordo co establecido no artigo 67 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

*Base décimo oitava. Obrigas das persoas beneficiarias*

Ademais das recollidas no artigo 6 desta orde, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións subvencionadas dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión.



b) Xustificar a execución coas facturas e documentos bancarios de pagamento en que se identifiquen as persoas beneficiarias.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o IGVS considere pertinentes ao longo do proceso de execución.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

g) Realizar plenamente todos os investimentos obxecto da axuda, de modo que estean operativos e verificables a partir da data de xustificación do investimento.

h) As demais obrigas que derivan desta orde.

#### Base décimo novena. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e demais actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente na súa solicitude a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). Non obstante, as persoas interesadas poderán comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións que se practiquen en papel tamén estarán á disposición da persoa interesada, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a



disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o IGVS efectuará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base vixésima. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e con entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do IGVS. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o IGVS, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Área Central s/n, polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [aluga.igvs@xunta.gal](mailto:aluga.igvs@xunta.gal)

Base vixésimo primeira. *Compatibilidade e incompatibilidade*

As subvencións previstas nesta orde serán compatibles coas axudas desta ou doutras administracións públicas, así como de calquera outra entidade, xa sexa pública ou privada, sempre que o importe total concedido por todas elas non supere o custo da actividade realizada.

Base vixésimo segunda. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilítase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión deste programa.



**CAPÍTULO VI****Axudas destinadas a establecementos comerciais, mercantís e industriais afectados polos incendios no ámbito da competencia da Consellería de Economía, Emprego e Industria**

Artigo 20. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a establecementos comerciais, mercantís e industriais, incluídos no ámbito competencial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Código de procedemento administrativo IG100A*

Esta convocatoria tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, e a concesión da subvención queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución, existindo normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para a cobertura orzamentaria do gasto.

Convócanse as axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a establecementos comerciais, mercantís e industriais de Galicia afectados polos incendios, no eido competencial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, conforme as seguintes bases:

**Base primeira. *Obxecto e beneficiarios***

1. As subvenciones reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas específicas para reparar os danos e perdas que, como consecuencia dos incendios acaecidos en outubro de 2017, se ocasionaron en establecementos comerciais, mercantís e industriais, incluídos no ámbito competencial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as persoas físicas e xurídicas que desenvolvan actividades empresariais e/ou profesionais, incluídas no ámbito competencial desta consellería, en que se produciron danos.

3. Para estes efectos, consideraranse os danos causados nas súas edificacións, instalacións, maquinaria, bens de equipamento, vehículos, mobiliario, utensilios e existencias, sempre e cando estean afectos ás devanditas actividades empresariais e/ou profesionais.



4. Así mesmo, bonificaranse os tipos de xuro dos préstamos dedicados a financiar a restitución dos danos referenciados no anterior número 1, segundo os requisitos e procedemento establecidos nas resolucións do 14 de xullo de 2017 polas que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000,00 euros e das microempresas titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (liña pequenas empresas e liña microempresas) (DOG nº 142, do 27 de xullo de 2017).

Base segunda. *Procedemento de concesión*

O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, segundo o cal as bases reguladoras das convocatorias de axudas se poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 desta lei.

Base terceira. *Crédito*

1. Para a concesión destas axudas destinarase unha contía de tres millóns de euros (3.000.000 de euros).

2. As subvencións reguladas ao abeiro desta sección faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1-741A-7706 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

3. No caso de esgotamento do crédito dispoñible, informarase do dito aspecto a través da páxina web oficial da Consellería de Economía, Emprego e Industria (<http://cei.xunta.gal>) e da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

4. O investimento subvencionable será a adquisición dos activos destinados á reparación ou reposición das edificacións, instalacións, maquinaria, bens de equipamento, vehí-



culos, mobiliario, utensilios e existencias danados polos incendios e adquiridos desde o 1 de outubro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

5. A axuda será do 75 % do valor neto contable ou do reflectido no informe pericial de taxación, de ser o caso, dos elementos danados.

6. O límite máximo subvencionable por beneficiario será de 600.000 euros, e non poderá exceder os 100.000 euros no caso de existencias e os 500.000 euros no caso dos demais conceptos.

7. En función das dispoñibilidades orzamentarias e atendido o número de solicitudes admitidas, esta porcentaxe poderá elevarse ata o 100 % do investimento. Estas axudas serán compatibles con outras axudas ata o máximo permitido pola normativa reguladora dos instrumentos de financiamento en cada caso.

Base cuarta. *Iniciación e prazo de presentación de solicitudes*

1. Para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do solicitante e dos danos para os que solicita a subvención a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

As solicitudes de axuda presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a esta sección a título informativo. No formulario será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, concedéndolles aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivamento.



2. Unha vez xerada a solicitude deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizado co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considérase que todos os solicitantes, ao exercerem unha actividade económica, dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento, polo que queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos necesarios.

3. No caso de presentación da solicitude de xeito presencial, o Igape requirirá o solicitante para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que for realizada a emenda.

4. Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan a un deles para presentar a solicitude. Este documento realizarase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.



No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es), indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.

5. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

6. A entidade solicitante deberá xuntar á solicitude a seguinte documentación:

1º. No caso de persoas xurídicas:

a) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores ou alta no réxime de autónomos, de ser o caso.

b) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

2º. En xeral:

a) Cando sexa preceptiva, licenza de actividade ou, na súa falta, xustificación de tela solicitado.

b) Memoria descritiva dos danos causados e do correspondente investimento para a súa reparación, con detalle do orzamento ou facturas pro forma desagregados por partidas e do calendario de execución, acompañada polo proxecto técnico no caso de ser exixido para o tipo de obra ou investimento que se vaia realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo/a solicitante.

c) Contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado cuxo prazo legal de aprobación estea vencido na data de entrada en vigor da presente orde, depositadas no Rexistro Mercantil ou, no caso de que o solicitante non estea obrigado a formular, aprobar e depositar contas anuais, informe pericial de valoración dos danos asinado por perito Colexiado.





d) Inventario detallado do inmovilizado material e das existencias da entidade, asinado polos seus administradores, que dea soporte ao valor neto contable dos elementos contidos nas epígrafes de inmovilizado material e existencias do balance de situación das contas anuais achegadas.

No caso de que a empresa conte con máis dun centro de traballo, o inventario deberá permitir identificar a localización dos distintos bens.

e) Declaración responsable de que os danos son consecuencia dos lumes acaecidos, que se cubrirá no formulario de solicitude.

f) Acreditación da titularidade dos bens afectados, mediante nota rexistral, escritura ou factura.

g) Póliza de aseguramento ou, de ser o caso, declaración xurada de que os bens para os cales solicita as axudas non están cubertos polo seguro correspondente.

h) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, que se cubrirá no formulario de solicitude.

i) Documentos gráficos en calquera soporte que dean fe do dano.

j) Os tres orzamentos establecidos no artigo 6.4.c) desta orde.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

De conformidade co artigo 28 da citada Lei 39/2015, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados na base cuarta.6. O solicitante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado, para o que poderá requirirse a exhibición do documento orixinal.



Para achegar os documentos en formato electrónico, o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais e obter arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

#### 7. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo ao enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

#### Base quinta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
- d) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Certificado de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Base sexta. *Instrución*

1. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de



registro de entrada das solicitudes presentadas. Non obstante, naqueles supostos en que, ao abeiro do establecido na base quinta da presente sección, se requirise aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, entenderase por registro de entrada da solicitude presentada a data en que o dito requirimento estivese correctamente atendido.

2. As resolucións de concesión poderán ditarse sucesivamente, de forma individual para cada unha das solicitudes presentadas, a medida que se vaia verificando que toda a documentación que exige a base quinta da presente sección é correcta e está completa, ata o esgotamento do crédito consignado na correspondente partida orzamentaria.

3. A persoa titular da dirección da área de financiamento do Igape elevará as sucesivas propostas de concesión á persoa titular da dirección xeral do Igape, quen resolverá.

Base sétima. *Órganos competentes*

A Área de Financiamento será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponde, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ao titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ditar a resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

Base oitava. *Resolución, notificación e modificación*

1. O prazo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta orde rematará o 31 de xaneiro de 2018.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada no artigo dous da presente sección.

3. As notificacións das resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os solicitantes deberán acceder á páxina web do Igape no enlace tramitación electrónica para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático).

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderanse rexeitadas cando transcorresen



dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Igape efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

7. As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición, que resolverá o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co establecido nestas bases reguladoras, se produza o acto presunto.

8. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse en todo caso os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Base novena. *Xustificación e pagamento*

1. Poderase realizar un primeiro pagamento do 25 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención. Exímense os/as beneficiarios/as da obriga de constituír garantías, logo da súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regula a Lei de subvencións de Galicia.



2. Os beneficiarios terán de prazo para executar o proxecto subvencionado ata o 30 de setembro de 2018, e para presentar a documentación xustificativa ata o 30 de outubro de 2018.

3. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

A solicitude de cobramento presentarase mediante a instancia normalizada que a título informativo figura como anexo IV a estas bases, na cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou aquelas en que este sexa erróneo (ben porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento formulado para tal fin.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica a través da instancia de solicitude de cobramento normalizada co IDEL (anexo IV), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 28 da citada Lei 39/2015, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no punto sexto destas bases. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado, para o cal se poderá requirir a exhibición do documento orixinal.



Exceptúanse do anterior os documentos que, de conformidade co establecido no punto sexto destas bases, deban ser orixinais (orixinal en formato electrónico ou copia auténtica). No caso de que o documento orixinal estivese en formato papel, o beneficiario deberá obter unha copia auténtica, segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015, con carácter previo á súa presentación electrónica.

5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Xunto coa solicitude de cobramento, o beneficiario da axuda presentará:

a) Orixinal das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos da reparación ou reposición dos bens danados. No caso de adquisición, construción ou rehabilitación de inmoables en propiedade, requirirase escritura pública que terá que facer constar que o ben se destinará ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención e o importe da subvención concedida. Estes aspectos deberán ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. No caso de adquisición de bens inmoables achegarse, ademais, certificado dun taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, segundo establece o artigo 28.7 da referida lei. No caso de reforma de inmoables arrendados, deberase achegar o contrato de arrendamento por un período mínimo de 5 anos desde a data de finalización do proxecto.

b) A documentación acreditativa do pagamento, por algún dos seguintes medios:

1º. Xustificante de transferencia bancaria ou documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de execución do proxecto, así como o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, e estarán debidamente selados pola entidade financeira, e asinados polo beneficiario. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira ou dispoñer dun código para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade financeira.



2º. Certificación bancaria conforme o pagamento foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a data efectiva desta.

c) Copia das tres ofertas que deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido no artigo 6.4.c) da presente orde reguladoras, no caso de non achegalas coa solicitude de axuda.

d) Calquera outro documento que xustifique o emprego da axuda na reparación ou reposición dos danos.

7. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día nas súas obrigas coa Fazenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que o beneficiario denegue expresamente o consentimento ao Igape para solicitar as certificacións, deberán achegarse xunto co resto da documentación xustificativa.

8. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, se é o caso, das cantidades previamente aboadas.

9. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, de que poidan ser beneficiarios os afectados; polo tanto, detraeranse da contía da subvención as primas cobradas por seguros que tivesen contratados os beneficiarios.

10. Estas axudas non computarán con outras axudas e subvencións sobre os bens adquiridos para a reposición dos danados, para os efectos de límites de acumulación de axudas.

Base décima. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceiros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape, quen, no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administra-



tivo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poida ser necesario achegar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es)

Base décimo primeira. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e no Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## CAPÍTULO VII

### **Axudas destinadas á reparación dos danos nas explotacións agrícolas e gandeiras polos incendios correspondentes ao ámbito competencial da Consellería do Medio Rural**

Artigo 21. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva por rateo por danos para a reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras afectadas polos incendios. Código de procedemento administrativo MR616A*

Convócanse as axudas, en réxime de concorrencia non competitiva por rateo, destinadas á reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos a explotacións agrícolas e gandeiras afectadas polos incendios, no eido competencial da Consellería do Medio Rural, conforme as seguintes bases:

Base primeira. *Ámbito de aplicación*

1. Este capítulo será de aplicación ás infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais, á maquinaria e equipamento forestal danados como consecuencia dos labores de extinción dos incendios forestais, á madeira amoreada queimada e de corta, recollida e esteladura da madeira queimada non comercial, e aos bens, equipamentos, ma-





quinaria, medios de produción, producións e gando ou colmeas danados nas explotacións agrícolas e gandeiras, e a subministración de alimentación complementaria de gando ou colmeas nas zonas afectadas polos incendios que se produciron en outubro de 2017.

2. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concesión en concorrencia non competitiva por rateo, segundo o establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base segunda. *Liñas de axuda*

1. As liñas obxecto de axuda son as seguintes:

a) Axuda para a reparación dos danos causados a infraestruturas de titularidade privada (liña I).

b) Axuda para a reparación da maquinaria e equipamento forestal danada en tarefas de colaboración na extinción dos incendios forestais ou ocasionados polos mesmos (liña II).

c) Axuda aos gastos da madeira amoreada queimada e de corta, recollida e estelado da madeira queimada non comercial (liña III).

d) Axuda para a reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras (liña IV).

e) Axuda pola perda total ou parcial da produción agrícola das explotacións agrícolas e gandeiras (liña V).

f) Axuda pola morte de gando ou pola perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas (liña VI).

g) Axuda para a adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas (liña VII).

2. As axudas contidas neste capítulo outórganse ao abeiro da seguinte normativa:

a) As axudas polos danos sufridos en explotacións agrícolas e gandeiras outórganse ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) nº 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícolas e forestais e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea;



b) As axudas polos danos sufridos en explotacións forestais outórganse ao abeiro do establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

Base terceira. *Persoas beneficiarias*

1. Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas propietarias ou arrendatarias de terreos forestais, así como os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras, con exclusión dos organismos públicos. No caso de danos causados á maquinaria e equipamento nos labores de extinción, as persoas beneficiarias serán as persoas físicas ou xurídicas propietarias deles, con exclusión dos organismos públicos.

2. Unha mesma persoa solicitante poderá solicitar as sete liñas de axuda. O expediente de axudas será único.

3. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

4. No caso das CMVMC, deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de Montes Veciñais en Man Común, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, con xunta reitora ou equivalente actualizada, e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no momento da solicitude da axuda.

5. No caso das explotacións agrícolas e gandeiras, estas deberán estar rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e, de ser o caso, no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras e, para o caso dos animais e colmeas, consideraranse unicamente para efectos das axudas os correctamente identificados e/ou declarados.

Base cuarta. *Contía da axuda e requisitos*

1. A contía da axuda calcularase con base no establecido nas alíneas seguintes:

a) Liña I: no caso de reparación dos danos causados a infraestruturas, será do 100 % do investimento elixible calculado de acordo coa base sexta deste capítulo, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 15.000 euros.



b) Liña II: no caso de maquinaria e equipamento forestal danados en tarefas de colaboración nos labores de extinción, será do 100 % do investimento elixible calculado de acordo coa base sexta deste capítulo, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 50.000 euros.

c) Liña III: no caso dos gastos da madeira amoreada queimada e de corta, recollida e estelado da madeira queimada non comercial será do 100 % do investimento elixible calculado de acordo coa base sexta deste capítulo, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 25.000 euros.

d) Liña IV: no caso de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción danados nas explotacións agrícolas e gandeiras, o 100 % do investimento elixible calculado de acordo coa base sexta deste capítulo, cun límite máximo de 25.000 euros.

e) Liña V: no caso de danos derivados da perda total ou parcial da produción agrícola, a axuda será do 100 %, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 15.000 euros.

f) Liña VI: no caso de morte de gando bovino, ovino e cabrún, reprodutores porcinos e polos de engorda das especies *Gallus gallus* e *Meleagris gallopavo*, os importes establecidos na Orde do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2017. No caso de morte de aves reprodutoras e poñedoras, os importes establecidos no Real decreto 823/2010, do 25 de xuño, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*, e de mandas de pavos reprodutores. No caso de morte de animais doutras categorías de gando porcino: femias de reposición, 150 euros; leitóns ata o destete, 25 euros; leitóns de transición, 40 euros; animais de ceba, 140 euros. No caso de morte de animais da especie cunícola: reprodutores, 30 euros; femias de reposición, 15 euros; cazapos lactantes, 1 euro; e cazapos de engorda, 3 euros. No caso de morte de gando equino, 200 euros se se trata de animais de máis de 24 meses, e 60 euros no caso de animais menores de 24 meses. No caso de destrución das colmeas, 100 euros por colmea destruída. O límite máximo por persoa beneficiaria será de 15.000 euros.

g) Liña VII: no caso de adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas, o 100 % do custo calculado deste para un máximo de tres meses, cun límite máximo por persoa beneficiaria de 3.000 euros.



2. No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para facer fronte ao importe calculado de acordo co punto 1 desta base, ratearase, segundo o establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Como requisito para as liñas de axuda I, II, III, IV e VII deberánse presentar tres orzamentos de diferentes provedores en que se desagreguen detalladamente e se cuantifiquen os custos das actuacións que se van realizar.

Base quinta. *Conceptos subvencionables*

1. Serán subvencionables os seguintes conceptos:

a) Liña I: a reparación dos danos causados polos incendios en terreos forestais de titularidade privada nos seguintes investimentos:

Pistas forestais.

Captacións de augas (caseta en que figura a toma de auga, instalación de distribución).

Cerramentos (cancelas, colocación de postes, malla ou arame, pasos do gando).

Bebedoiros e comedeiros. No caso de que quedasen inutilizados poderán ser substituídos por bebedoiros e comedeiros móbiles.

b) Liña II: os gastos de reparación dos danos causados na maquinaria e no equipamento forestal ocasionados en tarefas de colaboración nos labores de extinción de incendios forestais ou ocasionados por estes. No caso de que quedasen inutilizados poderán ser substituídos por nova maquinaria (nova ou de segunda man).

c) Liña III: os gastos de extracción ou eliminación de madeira de corta comercial amoreada na zona afectada polos lumes. Tamén serán subvencionables a corta, a recollida e o estelado da madeira queimada non comercial en pé.

d) Liña IV: os gastos de reparación dos danos causados nos bens, maquinaria, equipamentos e medios de produción das explotacións agrícolas e gandeiras. No caso de que quedasen inutilizados poderán ser substituídos por nova maquinaria (nova ou de segunda man).

e) Liña V: os danos sufridos na produción agrícola na campaña.



f) Liña VI: o valor dos animais mortos ou das colmeas destruídas e queimadas como consecuencia dos incendios forestais nas zonas afectadas.

g) Liña VII: o valor da alimentación complementaria que hai que subministrar aos animais e colmeas superviventes nas zonas afectadas, para un período máximo de tres meses, calculado en función do número de animais ou colmeas.

#### Base sexta. *Cálculo das axudas*

1. As axudas das liñas I, II, III, IV e VII calcularanse tomando como referencia o importe dos investimentos elixibles que figuran no orzamento presentado de menor custo ao cal se lle aplicará, se fose o caso, o límite máximo establecido para cada tipo de investimento segundo o anexo IV deste capítulo.

No caso da superficie de viñedo afectada para o cálculo da axuda tomaranse como referencia os valores dos módulos establecidos na Orde do 1 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia.

No caso de maquinaria agrícola da liña IV, calcularanse tomando como referencia os importes dos investimentos elixibles que figuran no orzamento presentado de menor custo ao cal se lle aplicará, se é o caso, o límite máximo establecido para cada tipo de investimento segundo o anexo V deste capítulo.

2. O IVE non é subvencionable.

3. Porén, as axudas para compensar os danos sufridos na produción agrícola calcularanse con base nos valores dos prezos establecidos na liña de seguros agrarios para cada un destes produtos en vigor no momento de presentación da solicitude. Para os rendementos de produtos amparados por unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida utilizaranse os valores máximos establecidos nos pregos destas denominacións ou indicacións xeográficas. No caso de que o produto non estea incluído en ningunha liña de seguros vixente, a axuda calcularase en función dos prezos medios deste produto segundo os índices de prezos dos organismos públicos na última campaña dispoñible. No caso de castañas e forraxes conservados, calcularanse con base nos prezos do anexo V.

4. Así mesmo, as axudas para compensar a morte de gando bovino, ovino e cabrún, reprodutores porcinos e polos de engorda das especies *Gallus gallus* e *Meleagris gallo-*



pavo calcularanse con base nos animais afectados e nos baremos oficiais establecidos na Orde do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades e se convocan para o ano 2017. As axudas para compensar a morte de aves reprodutoras e poñedoras calcularanse con base nos animais afectados e nos importes por animal establecidos no Real decreto 823/2010, do 25 de xuño, polo que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto dos programas nacionais de control de salmonela en mandas de aves reprodutoras e poñedoras do xénero *Gallus gallus*, e de mandas de pavos reprodutores. No caso de morte de animais doutras categorías de gando porcino, as axudas calcularanse con base nos animais mortos, cos seguintes importes: femias de reposición, 150 euros; leitóns ata o destete, 25 euros; leitóns de transición, 40 euros; animais de cebo, 140 euros. No caso de morte de animais da especie cunícola, as axudas calcularanse en función dos animais mortos, cos seguintes importes: reprodutores, 30 euros; femias de reposición, 15 euros; cazapos lactantes, 1 euro; e cazapos de engorda, 3 euros. No caso de morte de gando equino, a axuda calcularase con base nos animais mortos, a razón de 200 euros se se trata de animais de máis de 24 meses, e 60 euros no caso de animais menores de 24 meses. No caso das colmeas destruídas, as axudas calcularanse con base nas efectivamente afectadas, tomando como referencia un valor de 100 euros por colmea.

#### Base sétima. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. As solicitudes irán dirixidas á persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural onde estea situada a infraestrutura ou explotación que sufrise danos.

3. A solicitude de axuda inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante (código de procedemento MR616A):

a) Declaración da conta para a transferencia bancaria (anexo I).

b) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas (anexo I).

c) Declaración da titularidade do terreo en que se produciron os danos (anexo III).

Base oitava. *Documentación*

1. Xunto coa solicitude de axuda, presentarase a seguinte documentación:

a) Nas liñas I e III, para todo tipo de titulares de terreos, excepto comunidades de montes veciñais en man común, documentación xustificativa da propiedade dos terreos por propiedade ou por contrato de arrendamento. Nas liñas II e IV, documentación xustificativa da propiedade da maquinaria e equipamento (permiso de circulación) e comprobarase a súa inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola, se fose o caso.

b) Cando se trate dun pro indiviso, de varas, fabeo, de vocerío, de voces, abertais, cooperativa agrícola ou comunidade de bens, deberase presentar o anexo II debidamente cuberto.

c) Acordo do órgano competente polo cal se aprobou a solicitude desta axuda.

d) Cando se actúe en nome doutra persoa, física ou xurídica, deberase acreditar a representación con que se actúa.

e) Referencias Sixpac das parcelas afectadas polos incendios (anexo III).



f) Póliza de seguros e/ou declaración responsable de que os bens danados para os cales solicita as axudas non están asegurados, están asegurados na súa totalidade ou están asegurados parcialmente.

g) Memoria xustificativa dos danos polos cales se solicita axuda:

Liña I.

Pista forestal, captacións de auga, cerramentos, bebedoiros, comedeiros: informe do concello respecto da non titularidade municipal da pista forestal e, no caso de captación de augas certificación expedida polo órgano competente ou entidade da titularidade de dita captación; plano de situación e acoutado do trazado ou da localización dos investimentos polo cal se solicita a axuda; reportaxe fotográfica en que se comprobén de forma fidedigna os danos nos investimentos; resumo dos danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable. Quedarán excluídas as axudas ás captacións de auga instaladas de xeito superficial e sen sinalizar (sen respectar a lexislación vixente ao respecto), e queda vinculada á instalación a unha profundidade mínima de 70 cm e á instalación dos fitos precisos para sinalizala, así como á legalización do acto de disposición correspondente no caso de atravesar montes veciñais.

Liña II.

Maquinaria e equipamentos de uso forestal: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) en que se indique que a maquinaria e os equipamentos foron danados como consecuencia dun incendio forestal; resumo dos danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

Liña III.

Gastos da madeira amoreada queimada e de corta, recollida e estelado da madeira queimada non comercial: plano de situación e acoutado da superficie queimada; resumo dos danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen





detallada e cuantificadamente os metros cúbicos de madeira amoreada afectada polo incendio, e a superficie de corta, recollida e estelado da madeira queimada. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

#### Liña IV.

Bens, maquinaria e equipamentos de explotacións agrícolas e gandeiras: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) en que se indique que os bens, a maquinaria, os equipamentos ou os medios de produción foron danados como consecuencia dun incendio forestal; resumo dos danos causados e tres orzamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen detallada e cuantificadamente as melloras necesarias para reparar eses danos. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

#### Liña V.

Danos sufridos na produción agrícola: informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) no que se indique que as producións foron danadas como consecuencia dun incendio forestal. Resumo dos danos causados.

#### Liña VI.

Gando e colmeas mortas: detalle dos animais ou das colmeas afectadas, coa súa identificación, idades e/ou categoría dos animais e concreción dos lugares en que se atopaban no momento da morte, así como código de identificación da explotación rexistrada. Informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) en que se indique que o gando ou as colmeas morreron como consecuencia dun incendio forestal. De ser o caso, documento de recollida do cadáver por parte da empresa autorizada, ou calquera outra documentación que acredite a morte dos animais

#### Liña VII.

Alimentación complementaria de gando ou colmeas: descrición detallada do número de animais ou colmeas afectados, así como da súa localización; informe oficial (Distrito Forestal, Oficina Agraria Comarcal, Garda Civil, Concello) en que se indique que os terreos en que se atopaban o gando ou as colmeas estiveron afectados como consecuencia dun incendio forestal; xustificación da necesidade de proporcionar alimentación complementaria;



cálculo desagregado do volume de alimento necesario, en función do número de animais ou colmeas, para un período de tres meses; tres orzamentos de diferentes provedores no cal se desagreguen detallada e cuantificadamente as ofertas presentadas para proporcionar o alimento sinalado. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable.

h) No caso de tractores ou máquinas automotrices, copia do permiso de circulación. A maquinaria agrícola e forestal debe estar inscrita no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), cando sexa de inscrición obrigatoria, conforme o Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.

2. Ademais, nas liñas I e III, na memoria xustificativa farase constar se a superficie en que figuran as actuacións se atopa dentro da Rede Natura 2000. Para garantir que as actuacións toman adecuadamente en consideración os obxectivos de conservación destes lugares, e de conformidade coas directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, solicitaráselle de forma interna informe á autoridade competente en conservación da natureza. E, neste senso, a aprobación da axuda estará condicionada ao contido do informe da autoridade competente nesa materia e os traballos non poderán comezar ata o seu pronunciamento e deberán ser levados a cabo nas condicións que determine. O prazo de execución dos traballos que se estableza na resolución terá en conta este aspecto.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Base novena. *Prazo e emenda*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta, non se achegar a documentación exixida ou non se reuniren os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o interesado será requirido para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei

Base décima. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da persoa xurídica solicitante.



- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) Datos relativos á inscrición no Reaga ou no REGA.
- e) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- g) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria galega.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Base décimo primeira. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán presentalas presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base décimo segunda. *Tramitación e resolución das axudas*

1. As xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural instruirán os expedientes, realizarán de oficio cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, para o cal distribuirán as solicitudes de cada liña de axudas nos servizos territoriais competentes. Ademais, proporán a resolución das solicitudes e o pagamento das axudas concedidas.



2. Antes da concesión destas subvencións compararanse todas as solicitudes presentadas que cumpran todos os requisitos e farase unha análise global de todas elas co fin de efectuar a modulación da contía da axuda que se vaia conceder de acordo co establecido na base cuarta deste capítulo.

3. O director xeral de Ordenación Forestal e a directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, en función das súas competencias e respecto dos créditos orzamentarios que teñen asignadas as súas direccións xerais, unha vez feita a análise global establecida no anterior punto, ditarán a correspondente resolución de concesión da axuda e o seu importe previsto, segundo as normas e os criterios establecidos nestas bases, no prazo de dous meses contados a partir da data de remate do prazo de solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender rexeitada a súa solicitude.

Base décimo terceira. *Inspección previa*

Os funcionarios da Consellería do Medio Rural realizarán unha inspección para comprobar o estado da madeira queimada amoreada, da queimada non comercial, das infraestruturas, bens, maquinaria, equipamentos ou medios de produción que figuren na solicitude de axuda, ou ben para comprobar as perdas de produción ou as necesidades de alimentación, que se poderá realizar antes da resolución de aprobación. Os resultados das comprobacións feitas nas inspeccións previas serán comunicados aos beneficiarios das axudas.

Base décimo cuarta. *Xustificación dos traballos subvencionables*

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas neste capítulo remata o 14 de setembro de 2018. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un mes antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso.

2. Só serán subvencionables os gastos elixibles que se realicen e que se xustifique o seu gasto (factura) e pagamento (xustificante de pagamento) desde a data de inicio do incendio e, como límite, na data de xustificación das axudas.



3. Xunto coa notificación de remate dos traballos, achegarase a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

– Acreditación sobre o número de unidades físicas executadas.

– Contía da axuda calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos no anexo IV.

c) No caso de pistas forestais, certificado final de obra emitido polo responsable da obra, no cal figure unha relación valorada dos traballos executados.

d) Facturas e xustificantes de gasto. Os xustificantes de gasto consistirán, de forma xeral, nas facturas orixinais acreditativas dos investimentos, que cumpran as exigencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro).

As facturas presentaranse en orixinal e marcaranse cun selo indicando nel a axuda para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á axuda. Neste último caso reflectirase a contía exacta que resulte.

No caso de presentar fotocopias das facturas, achegará tamén os orixinais para seren dilixenciados pola Administración, marcaraos cun selo e indicará neles a axuda para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á axuda. Neste último caso indicará a contía exacta que resulte afectada pola axuda.

As facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

– Número e, se é o caso, serie.

– Data da súa expedición.

– Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.



– Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea con que realizase a operación o obrigado a expedir a factura.

– Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

– Descrición das operacións. Consignaranse todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.

– O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.

– A cota tributaria que, se é o caso, lle repercute deberá consignarse por separado.

– A data en que se efectuasen as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.

– No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.

– Só se considerará elixible a base imponible que figure na factura.

– Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tickets, xustificantes de recepción, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

e) Xustificantes do pagamento efectivo. A xustificación do pagamento realizarase mediante a presentación de orixinal e copia, para a súa compulsada e selaxe, dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:

– Presentaranse o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo na entidade, certificación bancaria, etc.), en que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura. No caso de que o xustificante bancario sexa transferencia bancaria, deberá ser orixinal ou copia compulsada, e estará selado pola entidade bancaria.



– Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.), achegárase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

– No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto del.

– No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pagamento, e irá xunto cunha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

– No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto.

f) Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas para os mesmos investimentos polas distintas administracións públicas polos cales se aprobou a axuda.

4. No caso de perdas de produción agrícola, a xustificación farase mediante a presentación de documentación acreditativa das correspondentes cantidades producidas e prezos medios cobrados nas tres campañas anteriores. Será suficiente para tramitar o pagamento o informe favorable da xefatura territorial correspondente, tras as comprobacións oportunas.

5. No caso do gando morto ou das colmeas destruídas, non será necesario presentar ningún documento xustificativo; será suficiente para tramitar o pagamento o informe favorable da xefatura territorial correspondente, tras as comprobacións oportunas.

6. No caso de alimentación complementaria ao gando ou ás colmeas, para a xustificación será suficiente a presentación das facturas e xustificantes de gasto.

#### Base décimo quinta. *Certificación dos traballos*

1. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final *in situ*, cando proceda, realizada por funcionarios da Consellería do Medio Rural.





2. Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente no caso de que se realizase un menor número de unidades de obra das aprobadas.

Base décimo sexta. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base décimo sétima. *Recursos administrativos*

A resolución da axuda porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira do Medio Rural no prazo dun mes, con-



tado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda rexeitada por silencio administrativo, ou ben sexa impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, se a resolución for expresa.

Base décimo oitava. *Crédito*

1. As axudas reguladas no presente capítulo financiaranse, no exercicio 2018, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

– Liñas I, II e III: 13.02.713B.770.0 CP 2010 00929 (1.000.000 de euros),

– Liñas IV, V, VI e VII: 13.03.712B.772.0 CP 2016.00183 (390.000 euros) e CP 2016.00185 (110.000 euros),

polo que o importe total asignado é dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 euros).

2. Este capítulo tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

Base décimo novena. *Compatibilidade*

1. As axudas previstas neste capítulo serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do establecido, así mesmo, no artigo 2 da presente orde.

2. Estas axudas serán incompatibles coas cantidades percibidas en concepto de indemnización polos mesmos danos derivados dun expediente de responsabilidade patrimonial.

Base vixésima. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo



tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería do Medio Rural, Secretaría Xeral Técnica, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a [sxt.medio-rural@xunta.gal](mailto:sxt.medio-rural@xunta.gal)

Base vixésimo primeira. *Instrucións*

Os directores xerais de Ordenación Forestal e Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias ditarán, conxuntamente ou por separado, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nestas bases.

ANEXO IV

Investimento	Límite máximo
Arranxo pista forestal	2.956,07 €/km
Captacións de augas (incluída toma e edificación)	2.000,00 €/km
Peches (colocación de postes, malla, pasos do gando)	7.580,00 €/km
Bebedoiros e comedoiros portátiles	1.200,00 €/ud.
Bebedoiros e comedoiros obra civil	500,00 €/ud.
Tractor	15.000,00
Fresadora e arado	4.000,00 €/ud.
Rolo	1.800,00 €/ud.
Grade de discos	7.000,00 €/ud.
Rozadora	5.000,00 €/ud.
Rozadora de man	500,00 €/ud.
Cisterna de xurro	6.000,00 €/ud.
Eliminación de madeira non comercial afectada polo incendio (apeo, tronzado, empillado e estelado)	1.000 €/ha
Extracción ou eliminación de madeira de corta comercial amoreada afectada por incendio forestal	20 €/m <sup>3</sup>

Os límites máximos aplicables á maquinaria correspóndense con maquinaria nova. No caso de maquinaria de segunda man aplicaráselles unha diminución do 60 %, mentres que no caso de reparacións a diminución será do 90 %.



## ANEXO V

## Liña IV - Maquinaria agrícola.

Investimento	Límite máximo
Tractor	15.000,00 €/ud.
Fresadora e arado	4.000,00 €/ud.
Rolo	1.800,00 €/ud.
Grade de discos	7.000,00 €/ud.
Rozadora	5.000,00 €/ud.
Rozadora de man	500,00 €/ud.
Cisterna de xurro	6.000,00 €/ud.

Os límites máximos aplicables á maquinaria correspóndense con maquinaria nova. No caso de maquinaria de segunda man aplicaráselles unha diminución do 60 %, mentres que no caso de reparacións a diminución será do 90 %.

## Módulos liña V.

Prezos unitarios	€/100 kg
Castaña	91

Forraxes	a.		b.	c.		
Herba seca	5,49	euros/100 kg	Paca 90×100×120 (200 kg)	17,28	21,6	€/ud.
			Paca 80×40×40 (20 kg)	1,728	2,16	€/ud.
			Paca 80×40×40 (50 kg)	4,32	5,4	€/ud.
Forraxo verde	0,99	euros/100 kg	Rolo D-1,35 (700-800 kg)	10,8	13,5	€/ud.
			Rolo D-1,25 (600-700 kg)	9,36	11,7	€/ud.
Produción de palla de cereais	4,345	euros/100 kg	Paca 90×100×120 (200 kg)	12,64	15,8	€/ud.
			Paca 80×40×40 (20 kg)	1,264	1,58	€/ud.
			Paca 80×40×40 (50 kg)	3,16	3,95	€/ud.
Millo forraxeiro en verde	3,19	euros/100 kg	Rulo D-1,35	34,8	43,5	€/ud.
			Rulo D-1,25	30,16	37,7	€/ud.
Produción de pastos	0,9	euros/100 m <sup>2</sup>				
	a.	A pé de campo	10%	do prezo		
	b.	En campo empacada	60%	do prezo		
	c.	No transporte ou almacenada	100%	do prezo		



**CAPÍTULO VIII****Axudas destinadas a entidades de carácter asociativo afectadas polos incendios no ámbito da competencia da Consellería do Mar**

Artigo 22. *Convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a entidades de carácter asociativo de dereito público ou privado. Código de procedemento administrativo PE100A*

Convócanse as axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a entidades de carácter asociativo de dereito público ou privado afectadas polos incendios, no eido competencial da Consellería do Mar, conforme as seguintes bases:

**Base primeira. *Obxecto***

As axudas reguladas nestas bases aplicaranse á reparación dos danos causados nos bancos marisqueiros da comunidade autónoma que sexan consecuencia dos incendios acaecidos no mes de outubro.

**Base segunda. *Persoas beneficiarias***

Poderán acollerse ás axudas establecidas nesta orde as entidades de carácter asociativo, xa sexan de dereito público ou privado, tales como confrarías, organizacións de produtores, asociacións de profesionais do sector, cooperativas ou organizacións constituídas por produtores de base que xestionen ou teñan aprobados plans de explotación marisqueira.

**Base terceira. *Proxectos obxecto de subvención***

Poderán ser obxecto de axuda, de conformidade con esta orde, os proxectos de plans de limpeza, recuperación, acondicionamento e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados presentados polas entidades recollidas na base segunda.

Para ter acceso a estas axudas, os investimentos deberán cumprir as condicións seguintes:

a) Ofrecer unha garantía suficiente de viabilidade técnica das accións que se pretendan executar.



b) Evitar efectos prexudiciais, en particular, ou perigo de creación de capacidades de produción excedentarias.

c) Dispor das preceptivas concesións, autorizacións, permisos ou licenzas para levar a cabo os investimentos previstos e a súa posterior posta en produción.

Base cuarta. *Gastos subvencionables e intensidade da axuda*

1. Poderán concederse axudas para os seguintes gastos, sempre que sexan necesarios para a execución dos proxectos referidos na base anterior:

a) Os derivados de accións materiais sobre o medio natural para a limpeza, rexeneración, recuperación e acondicionamento dos bancos marisqueiros.

b) A adquisición ou alugamento de maquinaria, utensilios e elementos auxiliares para a realización das tarefas regulados no punto anterior.

c) A repoboación directa, sempre que estea expresamente prevista como medida de conservación por un acto xurídico da Unión.

d) O pagamento aos membros das entidades beneficiarias enumeradas nesta orde polas tarefas de limpeza, rexeneración, recuperación e acondicionamento dos bancos marisqueiros. A contía que se aboará en ningún caso poderá superar os ingresos medios das persoas mariscadoras nas mesmas datas nesos bancos marisqueiros ou nos últimos dous anos, de conformidade cos datos estatísticos facilitados polas persoas concesionarias das lonxas. Este importe será minorado polos ingresos obtidos pola realización da súa profesión habitual. Este pagamento será incompatible coa percepción do dereito á protección de desemprego e co resto das prestacións do sistema da Seguridade Social, non compatibles co traballo.

2. Así mesmo, terán a consideración de gastos subvencionables os derivados de actuacións realizadas con anterioridade á presentación da solicitude, sempre que poida xustificarse polo solicitante a súa necesidade para minorar o impacto dos efectos derivados dos incendios sobre os bancos marisqueiros.

Estas actuacións deberán recollerse no proxecto que se xunta á solicitude.



3. A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100 % do investimento subvencionado en cada un dos proxectos obxecto de subvención, condicionado, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

Base quinta. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os custos relativos:

- a) Aos vehículos destinados ao transporte de persoas.
- b) Á adquisición de material, mobiliario e equipamento de oficina.
- c) Aos gastos de mantemento e conservación dos bens e equipamentos.
- d) O IVE, agás nos casos en que se presente certificado expreso do Ministerio de Facenda e Función Pública na porcentaxe non recuperable deste.

Base sexta. *Carácter das axudas e compatibilidade*

1. As axudas recollidas nestas bases rexeranse polo establecido no artigo 44 do Regulamento da (UE) nº 1388/2014 da Comisión do 16 de decembro, polo que se declaran determinadas categorías de axudas a empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. As axudas recollidas nestas bases serán compatibles con calquera outra axuda, subvención ou recurso público ou privado, sen prexuízo do establecido, así mesmo, no artigo 2 da presente orde.

3. No suposto de que a suma de todas as axudas supere o custo total do proxecto, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

Base sétima. *Crédito orzamentario*

A tramitación deste expediente acóllese á Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto polo que a aprobación do expediente queda condicionada á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos definitivos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.



As axudas concederanse con cargo ao crédito previsto na aplicación orzamentaria prevista no seguinte cadro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018:

Aplicación: 14.03.723A.770.1 de axudas de xestión integral a recursos biolóxicos mariños.

Importe: 1.000.000 de euros.

Base oitava. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes dirixiranse á Consellería do Mar segundo o modelo que figura no anexo I a esta orde no prazo dun (1) mes desde que se publique no *Diario Oficial de Galicia* a resolución ditada pola conselleira do Mar na cal se determinen os bancos marisqueiros que sufriron danos como consecuencia dos incendios do mes de outubro.

2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se as persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presentan a súa solicitude presencialmente, serán requiridas para que a emenden a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Forma parte de cada solicitude a declaración responsable que esta contén e na cal se fan constar os seguintes aspectos:

a) Que cumpren os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Que non se atopan en ningún dos supostos establecidos no número 1 do artigo 10 do Regulamento (UE) nº 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, e que non cometeron ningunha fraude no marco do Fondo Europeo da Pesca (FEP) ou do Fondo Europeo e Marítimo da Pesca (FEMP), conforme o establecido no número 3 do citado artigo.





c) Non ter sido sancionadas coa imposibilidade de obter préstamos, subvencións ou axudas públicas de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e do título XIV da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

d) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

As solicitudes virán asinadas polo representante legal da entidade solicitante, xunto coa documentación sinalada no seguinte artigo.

*Base novena. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento e comprobación de datos*

1. Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación complementaria:

a) Certificación do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo por parte da persoa asinante e se especifique o acordo polo que se lle concede a este autorización para formalizar a solicitude. Se actúa en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude e cítase a disposición que recolle a competencia.

b) Ademais, se o solicitante non é unha confraría de pescadores, xuntárase copia dos seus estatutos. Non será necesario achegar este documento cando xa conste nos arquivos da Consellería do Mar por telo presentado nun procedemento administrativo nos últimos cinco (5) anos. Neste caso, deberá indicarse o procedemento, a data de presentación e o órgano ante o que se presentou.

c) Documentación xustificativa da realización de gastos producidos con anterioridade á presentación da solicitude, de acordo co establecido no punto 4 da base décimo quinta.

d) Anexo II, datos do proxecto.

e) Proxecto para o que se solicita a axuda, que deberá conter, polo menos:

i) Memoria descritiva do grao de afección aos bancos marisqueiros derivada dos incendios do mes de outubro.

ii) Memoria descritiva das accións que pretende acometer a entidade solicitante dirixidas á limpeza, recuperación, rexeneración e acondicionamento dos bancos marisqueiros, indicando o custo de cada unha delas e grao de consecución dos obxectivos esperados.



iii) Descrición das accións que se pretenden acometer, calendario de realización e resultados esperados con cada unha delas, con referencia expresa ás previsións de creación ou consolidación de emprego.

iii) Orzamento detallado de cada unha das accións propostas, en que o IVE deberá detallarse por separado.

iiii) Calendario de realización das accións previstas.

iiiii) Descricións das accións que se pretenden acometer.

f) Copia da póliza de seguro dos bens afectados ou, de non ter seguro, declaración responsable de que os danos non estaban asegurados.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos dos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) NIF da entidade solicitante.



b) DNI/NIE da persoa representante.

c) Certificacións emitidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

3. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada.

Base décima. *Emenda da solicitude*

1. Os órganos responsables da tramitación das solicitudes comprobarán que estas reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. En caso contrario poráselles de manifesto por escrito aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días, remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixeren, se considerará que desistiron da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento, o servizo xestor poderá requirir a entidade solicitante para que remita aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Base décimo primeira. *Órganos de xestión e resolución*

1. A tramitación dos expedientes será realizada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.



2. Ao tratarse dunha liña de axudas na cal non concorren competitivamente os posibles beneficiarios e que ten por obxecto atender á cobertura de necesidades excepcionais que deben ser tidas en conta con extrema urxencia, non procede consignar criterios de avaliación coa súa correspondente ponderación.

3. O órgano instrutor determinará a contía das subvencións tras a análise dos proxectos presentados e formulará as propostas de resolución nas cales figurarán, de xeito individualizado, as persoas beneficiarias, os proxectos e investimentos seleccionados, así como o importe da subvención proposta ata esgotar o crédito dispoñible. No suposto de que o crédito consignado nesta orde non sexa suficiente para atender a totalidade das solicitudes resoltas favorablemente na súa integridade, procederase ao seu rateo segundo o establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Nesta tarefa poderá ser asistido polo persoal técnico que se considere necesario.

4. A resolución correspóndelle á conselleira do Mar.

Base décimo segunda. *Resolución e notificacións*

1. Recibida a aceptación das persoas beneficiarias (anexo III) ou transcorrido o prazo para facelo, os órganos competentes emitirán resolución pola que se outorguen ou denequen as axudas solicitadas.

2. As resolucións emitiranse e notificaranse ás persoas interesadas no prazo máximo de cinco (5) meses desde a presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

5. No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.



6. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base decimo terceira. *Recursos*

As resolucións, expresas ou presuntas, que recaian ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de ser o caso.

Base décimo cuarta. *Modificación do proxecto*

Calquera modificación que se pretenda realizar nos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa da Consellería do Mar, e deberá ser posta en coñecemento desta sempre con anterioridade á súa realización.

Base décimo quinta. *Xustificación e pagamento*

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que se concedeu, o que se xustificará coa presentación da documentación pertinente. Con carácter xeral, os gastos correspondentes deberán xustificarse antes do día 16 de novembro de 2018.

Este prazo poderá prorrogarse por resolución expresa do órgano concedente, de oficio ou logo de solicitude da persoa beneficiaria e por causas debidamente motivadas, nos



termos previstos no artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2 Os pagamentos das axudas concedidas ás entidades beneficiarias realizaranse do seguinte xeito:

a) Nos gastos realizados e xustificados documentalmente coa solicitude de axuda, o pagamento realizarase coa resolución de concesión desta.

b) Nos gastos pendentes de realizar e previstos nos proxectos presentados, os pagamentos realizaranse mediante a presentación da documentación xustificativa.

3. As entidades beneficiarias deberán achegar, así mesmo, copia da transferencia bancaria, extractos das contas, ordes de transferencia, talóns ou certificacións bancarias que xustifiquen a efectiva realización dos pagamentos aos seus asociados, no suposto recollido na base cuarta, letra d).

4. A xustificación de ter realizadas as accións para as cales se concedeu a subvención realizarase mediante os seguintes documentos:

a) Informe técnico en que se describa a realización das accións e os datos e incidencias máis significativas na execución que inclúa reportaxe fotográfica cando sexa procedente, con especial referencia aos obxectivos acadados.

b) Relación de custos individualizados por cada actuación con ou sen IVE.

c) Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas correspondentes aos custos sinalados na relación.

d) Certificacións bancarias correspondentes aos pagamentos efectuados que xustifiquen a efectiva realización dos gastos e, se é o caso, o importe, a procedencia e a aplicación do fondos propios ás actividades subvencionadas.

5. Respecto do pagamento previsto do punto 2.a) exímense os/as beneficiarios/as da obriga de constituír garantías, logo da súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regula a Lei de subvencións de Galicia.



6. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a persoa beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (anexo IV).

Base décimo sexta. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña); ou a través dun correo electrónico a [sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal)

Base décimo sétima. *Habilitación*

Facúltase á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición adicional primeira. *Normativa comunitaria de aplicación a determinadas axudas*

As axudas previstas nesta orde para reparación de danos causados nos establecementos turísticos; nas instalacións dos clubs e entidades deportivas; nos establecementos comerciais, mercantís e industriais; nas infraestruturas e equipamentos privados e nas explotacións agrícolas e gandeiras, e nos bancos marisqueiros outorgaranse segundo corresponda ao abeiro dos regulamentos (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado; nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Trata-



do de funcionamento da Unión Europea, e nº 1388/2014 da Comisión, do 16 de decembro, polo que se declaran determinadas categorías de axudas a empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Disposición adicional segunda. *Actualización de anexos normalizados*

Os anexos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados na presente orde poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes anexos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2017

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

Valeriano Martínez García  
Conselleiro de Facenda

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Medio Ambiente  
e Ordenación do Territorio

Ethel María Vázquez Mourelle  
Conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego  
e Industria

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira do Medio Rural

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar






**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA

**ANEXO I**  
**(TU100A)**

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A REPOSICIÓN DA SINALIZACIÓN TURÍSTICA AFECTADA POLOS INCENDIOS DO MES DE OUTUBRO DE 2017</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TU100A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------


<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
ENTIDADE LOCAL						NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		FAX	CORREO ELECTRÓNICO				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS</b>
<b>CUSTO DAS ACTUACIÓNS</b>

<b>A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA</b>			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
<input type="radio"/> Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra subvención, axuda, recurso ou ingreso para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si se solicitaron e/ou concederon outras subvencións, axudas, recursos ou ingresos para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.			
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.			
6. Que se compromete a cumprir as obrigas e requisitos que se sinalan na base novena.			
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda autonómica e coa Facenda estatal e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda con ningunha outra Administración pública.			


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 7zok2s37-szb6-8u62-iaw0-s9ewraj8l0u5


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA**ANEXO I  
(TU100A)  
(continuación)****DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Certificación emitida pola persoa secretaria da entidade local solicitante, na cal se faga constar:
- O acordo do órgano competente da entidade local polo cal se solicita a subvención para as actuacións que se pretenden executar ao abeiro desta orde, no cal deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, e consignar a denominación e o orzamento de cada unha das actuacións que integren o proxecto, así como o orzamento total.
  - A remisión das contas da entidade local ao Consello de Contas de Galicia, correspondentes ao exercicio orzamentario de 2015.
  - A plena dispoñibilidade da entidade solicitante sobre os inmobles onde se pretenden realizar as actuacións.
- Memoria xustificativa da necesidade das actuacións de reparación dos danos para as cales solicitan subvención, asinada polo/a representante da entidade local.
- Nas solicitudes para obras deberá achegarse o proxecto ou anteprojecto da/s obra/s que se vaian realizar co seguinte contido mínimo:
- Memoria explicativa.
  - Orzamento detallado.
  - Planos a escala suficiente.
- No suposto de obras realizadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde, documentación xustificativa que acredite a súa execución.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Axencia Turismo de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [xerencia.turismo@xunta.gal](mailto:xerencia.turismo@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017.  
Orde conxunta do 27 de outubro de 2017 mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Axencia Turismo de Galicia

